19 MÓNICA	20 MARÍA	21 PACO	22 MARÍA	23 PACO	24	25
26	27	28	29	30		

**1.4.- HORARIOS DO PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA.**

ALFONSO					
/-\	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20	LGL 4ºESO (4ºESO)	PORTUGUÉS 4ºESO\ (4ºESO)	GARDA	LGL 3ºESO (3ºESO)	GTR
10:20 11:10	PORTUGUÉS 4ºESO (4ºESO)	LGL 2ºESO (2ºESO)	PORTUGUÉS 3ºESO (3ºESO)	LGL 4ºESO (4ºESO)	TPA
11:10 12:00	PORTUGUÉS 3ºESO (3ºESO)	LGL 3ºESO (3ºESO)	LGL 2ºESO (2ºESO)	LGL 2ºESO (DESD2)	LGL 2ºESO (DESD.2)
recreo					
12:30 13:20	XD		XD		LGL 2ºESO (2ºESO)
13:20 14:10	GARDA		LGL 2ºESO (DESD2)		PORTUGUÉS 4ºESO (4ºESO)
14:10 15:00			LGL 4ºESO (4ºESO)		LGL 3ºESO (3ºESO)
mediodía					
16:30 17:20					
17:20 18:10					

AMELIA					
/-	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20		LCL 3ºESO (3ºESO)			LCL 2ºESO (2ºESO)
10:20 11:10	LCL 3ºESO (DESD.1)	LCL 1ºESO (1ºESO)		LCL 3ºESO (DESD.1)	LCL 1ºESO (DESD.1)
11:10 12:00	LCL 2ºESO (2ºESO)	XD		TPA	LCL 1ºESO (1ºESO)
recreo					
12:30 13:20	XD	LCL 3ºESO (DESD.1)	LCL 3ºESO (3ºESO)	REFLCL 2ºESO (2ºESO)	GTR
13:20 14:10	LCL 3ºESO (3ºESO)	LCL 1ºESO (DESD1)	LCL 1ºESO (DESD.1)	G	
14:10 15:00	LCL 1º ESO (1º ESO)	LCL 2ºESO (2ºESO)	LCL 1ºESO (1ºESO)	LCL 1ºESO (DESD.1)	
mediodía					
16:30 17:20					
17:20 18:10					
JOSE MANUEL					
/-	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20		RELI 2ºESO (2ºESO)			
10:20 11:10		RELI 4ºESO (4ºESO)		RELI 1ºESO (1ºESO)	
11:10 12:00		GARDA		RELI 3ºESO (3ºESO)	
recreo					
12:30 13:20					
13:20 14:10					
14:10 15:00					
mediodía					
16:30 17:20					
17:20 18:10					

MANUELA					
/-	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20		G			G
10:20 11:10		LGL 1ºESO (DESD.1)			LGL 1ºESO (1ºESO)
11:10 12:00		FR 2ºESO (2ºESO)			LGL 1ºESO (DESD.1)
recreo					
12:30 13:20	GARDA	GARDA	GTR	FR 1ºESO (1ºESO)	GARDA
13:20 14:10		LGL 1ºESO (1ºESO)	LGL 1ºESO (1ºESO)	TPA	FR 2ºESO (2ºESO)
14:10 15:00	LGL 1ºESO (DESD.1)	GARDA	LGL 1ºESO (DESD.1)	LGL 1ºESO (1ºESO)	GARDA
mediodía					
16:30 17:20	FR 1ºESO (1ºESO)				
17:20 18:10	TIT 1ºESO (1ºESO)				

ALEXIA					
/-\	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20			MATEAPLIC 3ºESO (TECNO)		BX 1ºESO (1ºESO)
10:20 11:10			BX 1ºESO (1ºESO)		MATEAPLIC 3ºESO (TECNO)
11:10 12:00		BX 1ºESO (1ºESO)	BX 1ºESO (DESD.1)	BX 1ºESO (DESD.1)	GARDA
	recreo				
12:30 13:20	BX 1ºESO (DESD.1)	GARDA	BX 4ºESO (4ºESO)	XD	BX 1ºESO (DESD.1)
13:20 14:10	ATP	MATEAPLIC 3ºESO (TECNO)	GTR	BX 1ºESO (1ºESO)	GARDA
14:10 15:00	BX 3ºESO (3ºESO)	BX 4ºESO (4ºESO)		BX 3ºESO (3ºESO)	BX 4ºESO (4ºESO)
	mediodía				
16:30 17:20	MATEAPLIC 3ºESO (TECNO)				
17:20 18:10					

CONCHI					
/-	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20	GARDA	XFATURA	MATEACAD. 3ºESO (3ºESO)	XFATURA	XFATURA
10:20 11:10	XFATURA		XFATURA	COMEDOR	MATEACAD. 3ºESO (3ºESO)
11:10 12:00	ATP	MATEACAD. 4ºESO (4ºESO)	XFATURA		MATEACAD 4ºESO (4ºESO)
recreo					
12:30 13:20	REUNIÓN DIRECCIÓN	GTR			
13:20 14:10	MATEACAD. 4ESO (4ESO)	MATEACAD. 3ºESO (3ºESO)		MATACAD 4ºESO (4ºESO)	
14:10 15:00	GARDA			XFATURA	XFATURA
mediodía					
16:30 17:20	MATEACAD. 3ºESO (3ºESO)				
17:20 18:10					
CRISTIAN					
/-	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20			XH 1ºESO (1ºESO)		
10:20 11:10		GARDA	XH 2ºESO (2ºESO)	BIBLIOTECA	
11:10 12:00		EX.FR 2ºESO (INFO)	XH 4ºESO (4ºESO)	GARDA	XH 3ºESO (3ESO)
recreo					
12:30 13:20	XD	XH 1ºESO (1ºESO)	GTR	EX.FR 1ESO (DESD.1)	ATP
13:20 14:10	XH 2ºESO (2ºESO)	XH 4ºESO (4ºESO)		XH 3ºESO (3ºESO)	EX.FR 2ºESO (INFO)
14:10 15:00	XH 4ºESO (4ºESO)	XH 3ºESO (3ºESO)		XH 2ºESO (2ºESO)	XH 1ºESO (1ºESO)
mediodía					
16:30 17:20	EX.FR 1ºESO (DESD.1)				
17:20 18:10	TIT 3ºESO (3ºESO)				

CRISTINA					
/-\	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20			LCL 4ºESO (4ºESO)	G	LCL 4ºESO (4ºESO)
10:20 11:10		GTR	DIRECCIÓN	BIBLIOTECA	DIRECCIÓN
11:10 12:00	REFORZOING1º	DIRECCIÓN	GARDA	DIRECCIÓN	
recreo					
12:30 13:20	REUNIÓN DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	TPA	DIRECCIÓN	
13:20 14:10	DIRECCIÓN		DIRECCIÓN		
14:10 15:00			REFORZO ING1º		
mediodía					
16:30 17:20	LCL 4ºESO (4ºESO)				
17:20 18:10	DIRECCIÓN				
JAVIER					
/-\	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20		EF 1ºESO (XIMNASIO)			GARDA
10:20 11:10		GARDA	GARDA	XD	TPA
11:10 12:00		GARDA	EXTRAESCOLARES	GARDA	EXTRAESCOLARES
mediodía					
12:30 13:20		EXTRAESCOLARES	GARDA	EF 4ºESO (XIMNASIO)	EF 3ºESO (XIMNASIO)
13:20 14:10			EF 3ºESO (XIMNASIO)	EF 2ºESO (XIMNASIO)	EF 1ºESO (XIMNASIO)
14:10 15:00	GTR		GARDA	TITORÍA 4ºESO (4ºESO)	GARDA
mediodía					
16:30 17:20	EF 2ºESO (XIMNASIO)				
17:20 18:10	EF 4ºESO (4ºESO)				

JOSE LUIS					
/-\	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20	MATE 2ºESO (2ºESO)		MATE 2ºESO (2ºESO)	MATE 2ºESO (DESD.2)	MATE 1ºESO (DESD.1)
10:20 11:10	MATE 2ºESO (DESD.2)	GTR	MATE 1ºESO (DESD1)	MATE 2ºESO (2ºESO)	MATE 2ºESO (2ºESO)
11:10 12:00	TPA	MATE 1ºESO (DESD.1)	MATE 1ºESO (1ºESO)	MATE 1ºESO (1ºESO)	XD
recreo					
12:30 13:20	MATE 1ºESO (1ºESO)	MATE 2ºESO (DESD.2)	MATE 2ºESO (2ºESO)	XD	MATE 1ºESO (1ºESO)
13:20 14:10		MATE 2ºESO (2ºESO)		MATE 1ºESO (DESD.1)	
14:10 15:00	MATE 2ºESO (2ºESO)				
mediodía					
16:30 17:20					
17:20 18:10					
JUAN					
/-\	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20	TECNO 3ºESO (TECNO)			TIC 4ºESO (INFO)	
10:20 11:10	EPV 1ºESO (EPV)	EPV 3ºESO (EPV)		GARDA	
11:10 12:00	TIC 4ºESO (INFO)	MATEAPLIC 4ºESO (TECNO)	GTR	TECNO 4ºESO (TECNO)	MATEAPLIC 4ºESO (TECNO)
recreo					
12:30 13:20	TECNO 2ºESO (TECNO)	TIC 4ºESO (INFO)	EPV 1ºESO (EPV)	TECNO 3ºESO (TECNO)	TECNO 4ºESO (TECNO)
13:20 14:10	MATEAPLIC 4ºESO (TECNO)	XD	TECNO 4ºESO	MATEAPLIC 4ºESO (TECNO)	EPV 3ºESO (EPV)
14:10 15:00			TECNO 2ºESO (TECNO)	TPA	TECNO 2ºESO (TECNO)
mediodía					
16:30 17:20					
17:20 18:10					



<b>LUCINDA</b>					
/-\	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20	GARDA	ORIENTA CPI (ORIENTACIÓN)		GARDA ORIENTACIÓN	ORIENTA CPI (ORIENTACIÓN)
10:20 11:10	ORIENTA CPI (ORIENTACIÓN)				
11:10 12:00				GTR CPI	
<b>recreo</b>					
12:30 13:20	ORIENTA CPI (ORIENTACIÓN)	XD CPI	ORIENTA CPI (ORIENTACIÓN)	ORIENTA CPI (ORIENTACIÓN)	
13:20 14:10				ATP CPI	
14:10 15:00				GARDA	
<b>mediodía</b>					
16:30 17:20					
17:20 18:00					
<b>PATRICIA</b>					
/-\	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20	MUS1 2ºESO (MUS)	GARDA	MUS2 2ºESO (MUS)	MUS 4ºESO (MUS)	MUS 1 3ºESO (MUS)
10:20 11:10	TPA	V.ET 4ºESO (INFO)	REFORZO INGLÉS4º	V.ET 1ºESO (INFO)	MUS2 2ºESO (MUS)
11:10 12:00	MUS 4ºESO (MUS)	TIC	MUS1 3ºESO (MUS)	V.ET 3ºESO (INFO)	GTR
<b>recreo</b>					
12:30 13:20	MUS 2 3º ESO (MUS)	MUS 4ºESO (4ºESO)	MUS 1 2ºESO (MUS)	GARDA	
13:20 14:10			XD	TIC	
14:10 15:00			MUS2 3ºESO (MUS)		
<b>mediodía</b>					
16:30 17:20					
17:20 18:10					

ROBERTO					
/-\	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20				FQ 2ºESO (2ºESO)	FQ 3ºESO (3ºESO)
10:20 11:10	FQ 2ºESO (2ºESO)			FQ 2ºESO (DESD.2)	GARDA
11:10 12:00	GARDA		FQ 3ºESO (3 ESO)	FQ 4ºESO (4ºESO)	GTR
recreo					
12:30 13:20	FQ 3ºESO (3ºESO)	FQ 2ºESO (2ºESO)	C.APLIC 4ºESO (INFO)		FQ 4ºESO (4ºESO)
13:20 14:10	XD	FQ 2ºESO (DESD.2)	FQ 4ºESO (4ºESO)		TPA
14:10 15:00	FQ 2ºESO (DESD.2)	C.APLIC 4ºESO (INFO)	FQ 3ºESO (3ºESO)		C.APLIC 4ºESO (INFO)
mediodía					
16:30 17:20	GARDA				
17:20 18:10	TIT 2ºESO (2ºESO)				
ROSA					
/-\	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20	REFING 1ºESO (1ºESO)	ING 3ºESO (DESD.1)	ATP	ING 1ºESO (1ºESO)	GTR
10:20 11:10	ING 3ºESO (3ºESO)	ING 2ºESO (DESD2)	ING 4ºESO (4ºESO)	ING 3ºESO (3ºESO)	ING 4ºESO (4ºESO)
11:10 12:00	ING 1ºESO (1ºESO)	XD	ING 2ºESO (DESD.2)	ING 2ºESO (2ºESO)	ING 2ºESO (2ºESO)
recreo					
12:30 13:20	ING 4ºESO (4ºESO)	ING 3ºESO (3ºESO)	ING 3ºESO (DESD.1)		ING 2ºESO (DESD.2)
13:20 14:10	ING 3ºESO (DESD1)	GARDA	ING 2ºESO (2ºESO)		
14:10 15:00		ING 1ºESO (1ºESO)			
mediodía					
16:30 17:20					
17:20 18:10					



PILAR					
/-\	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20					MAT 1º ESO (AULA GRUPO)
10:20 11:10	GARDA	LG 1º ESO (AULA PT)		GARDA	L.C 1º ESO (AULA PT)
11:10 12:00	GARDA	MAT 1º ESO (AULA GRUPO)		BX 1º ESO (AULAGRUPO)	LG 1º ESO (AULA GRUPOT)
recreo					
12:30 13:20	TPA CPI	XeH 1º ESO (AULAGRUPO)	GTR CPI	EXEN FR 1º ESO (AULA PT)	GARDA
13:20 14:10	MAT 1º ESO (AULAPT)	L.C 1º ESO (AULA PT)	GARDA)	MAT 1º ESO (AULA PT)	
14:10 11:00	GARDA	GARDA	LG 1º ESO (AULAPT)		
mediodía					
16:30 17:20	REFORZO 4º 4º ESO (AULA GRUPO)				
17:20 18:00	GARDA				

## 1.5.- Gardas de Educación Secundaria.

GARDAS					
/-\	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20	CONCHI LUCINDA	PATRICIA MANUELA	ALFONSO	CRISTINA LUCINDA	JAVIER MANUELA
10:20 11:10	PILAR	CRISTIAN JAVIER	JAVIER	JUAN PILAR	ROBERTO
11:10 12:00	ROBERTO PILAR	JOSE MANUEL JAVIER	CRISTINA	JAVIER CRISTIAN	ALEXIA
recreo					
12:30 13:20	MANUELA	MANUELA ALEXIA	JAVIER	PATRICIA	PILAR MANUELA
13:20 14:10	MANUELA ALFONSO	ROSA	PILAR	AMELIA	ALEXIA
14:10 15:00	PILAR CONCHI	MANUELA PILAR	JAVIER	LUCINDA	JAVIER MANUELA
mediodía					
16:30 17:20	ROBERTO				
17:20 18:10	PILAR				

## GARDAS TRANSPORTE

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
PATIO	ROSA	AMELIA	ALEXIA	JUAN/ ROBERTO	JAVIER
ENTRADA	JOSÉ LUÍS	LUCINDA	CONCHI	PATRICIA	MANUELA

## GARDAS RECREO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
PATIO	ROBERTO	JUAN	ALEXIA	AMELIA	JAVIER
ENTRADA	ALFONSO	JOSÉ LUÍS	LUCINDA	PATRICIA	MANUELA
BSUPLENCIA	CONCHI	PILAR	ALFONSO	PILAR	ROSA
BIBLIOTECA	CRISTINA	CONCHI	CRISTIAN	CRISTINA	CRISTIAN

## 1.6.- Horarios de Grupos de Educación Secundaria.

1º ESO					
/-\	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20	REF ING ROSA (1º ESO)	EF JAVIER (XIMNASIO)	XH CRISTIAN (1º ESO)	ING ROSA (1º ESO)	BX ALEXIA (1º ESO) MATE JOSE LUIS (DESD. 1)
10:20 11:10	EPV TECNO (EPV)	LCL AMELIA (1º ESO) LGL MANUELA (DESD. 1)	BX ALEXIA (1º ESO) MATE JOSE LUIS (DESD. 1)	RELI JOSE MANUEL (1º ESO) V.ET PATRICIA (INFO)	LGL MANUELA (1º ESO) LCL AMELIA (DESD. 1)
11:10 12:00	ING ROSA (1º ESO)	BX ALEXIA (1º ESO) MATE JOSE LUIS (DESD. 1)	MATE JOSE LUIS (1º ESO) BX ALEXIA (DESD. 1)	MATE JOSE LUIS (1º ESO) BX ALEXIA (DESD. 1)	LCL AMELIA (1º ESO) LGL MANUELA (DESD. 1)
recreo					
12:30 13:20	MATE JOSE LUIS (1º ESO) BX ALEXIA (DESD. 1)	XH CRISTIAN (1º ESO)	EPV TECNO (EPV)	FR MANUELA (1º ESO) EX. FR CRISTIAN (DESD. 1)	MATE JOSE LUIS (1º ESO) BX ALEXIA (DESD. 1)
13:20 14:10	MATE JOSE LUIS (1º ESO)	LGL MANUELA (1º ESO) LCL AMELIA (DESD. 1)	LGL MANUELA (1º ESO) LCL AMELIA (DESD. 1)	BX ALEXIA (1º ESO) MATE JOSE LUIS (DESD. 1)	EF JAVIER (XIMNASIO)
14:10 15:00	LCL AMELIA (1º ESO) LGL MANUELA (DESD. 1)	ING ROSA (1º ESO)	LCL AMELIA (1º ESO) LGL MANUELA (DESD. 1)	LGL MANUELA (1º ESO) LCL AMELIA (DESD. 1)	XH CRISTIAN (1º ESO)
mediodía					
16:30 17:20	FR MANUELA (1º ESO) EX. FR CRISTIAN (DESD. 1)				
17:20 18:10	TIT MANUELA (1º ESO)				

2º ESO					
/-\	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20	MATE 2 JOSE LUIS (2º ESO) MUS1 PATRICIA (MUS)	RELI JOSE MANUEL (2º ESO)	MATE 1 JOSE LUIS (2º ESO) MUS 2 PATRICIA (MUS)	FQ 1 ROBERTO (2º ESO) MATE 2 JOSE LUIS (DESD. 2)	LCL AMELIA (2º ESO)
10:20 11:10	MATE 2 JOSE LUIS (DESD2) FQ 1 ROBERTO (2º ESO)	LGL ALFONSO (2º ESO) ING ROSA (DESD. 2)	XH CRISTIAN (2º ESO)	MATE 1 JOSE LUIS (2º ESO) FQ 2 ROBERTO (DESD. 2)	MATE1 JOSE LUIS (2º ESO) MUS2 PATRICIA (MUS)
11:10 12:00	LCL AMELIA (2º ESO)	FR MANUELA (2º ESO) EX. FR CRISTIAN (INFO)	LGL ALFONSO (2º ESO) ING ROSA (DESD. 2)	ING ROSA (2º ESO) LGL ALFONSO (DESD. 2)	ING ROSA (2º ESO) LGL ALFONSO (DESD. 2)
recreo					
12:30 13:20	TECNO TECNO (TECNO)	FQ 1 ROBERTO (2º ESO) MATE 2 JOSE LUIS (DESD. 2)	MATE 2 JOSE LUIS (2º ESO) MUS 1 PATRICIA (MUS)	REF LCL AMELIA (2º ESO)	LGL ALFONSO (2º ESO) ING ROSA (DESD. 2)
13:20 14:10	XH CRISTIAN (2º ESO)	MATE1 JOSE LUIS (2º ESO) FQ 2 ROBERTO (DESD. 2)	ING ROSA (2º ESO) LGL ALFONSO (DESD. 2)	EF JAVIER (XIMNASIO)	FR MANUELA (2º ESO) EX. FR CRISTIAN (INFO)
14:10 15:00	MATE 2 JOSE LUIS (2º ESO) FQ 1 ROBERTO (DESD2)	LCL AMELIA (2º ESO)	TECNO TECNO (TECNO)	XH CRISTIAN (2º ESO)	TECNO TECNO (TECNO)
mediodía					
16:30 17:20	EF JAVIER (XIMNASIO)				
17:20 18:10	TIT ROBERTO (2º ESO)				



3º ESO					
/-\	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20	TECNO TECNO (TECNO)	LCL AMELIA (3º ESO) ING ROSA (DESD. 1)	MATE ACAD. CONCHI (3º ESO) MATE APLIC ALEXIA (TECNO)	LGL ALFONSO (3º ESO)	FQ 2 ROBERTO (3º ESO) MUS 1 PATRICIA (MUS)
10:20 11:10	ING ROSA (3º ESO) LCL AMELIA (DESD. 1)	EPV TECNO (EPV)	PORTU ALFONSO (3º ESO)	ING ROSA (3º ESO) LCL AMELIA (DESD. 1)	MATE ACAD. CONCHI (3º ESO) MATE APLIC ALEXIA (TECNO)
11:10 12:00	PORTU ALFONSO (3º ESO)	LGL ALFONSO (3º ESO)	FQ 2 ROBERTO (3º ESO) MUS1 PATRICIA (MUS)	RELI JOSE MANUEL (3º ESO) V.ET PATRICIA (INFO)	XH CRISTIAN (3º ESO)
recreo					
12:30 13:20	FQ 1 ROBERTO (3º ESO) MUS 2 PATRICIA (MUS)	ING ROSA (3º ESO) LCL AMELIA (DESD. 1)	LCL AMELIA (3º ESO) ING ROSA (DESD. 1)	TECNO TECNO (TECNO)	EF JAVIER (XIMNASIO)
13:20 14:10	LCL AMELIA (3º ESO) ING ROSA (DESD. 1)	MATE ACAD. CONCHI (3º ESO) MATE APLIC ALEXIA (TECNO)	EF JAVIER (XIMNASIO)	XH CRISTIAN (3º ESO)	EPV TECNO (EPV)
14:10 15:00	BX ALEXIA (3º ESO)	XH CRISTIAN (3º ESO)	FQ 1 ROBERTO (3º ESO) MUS 2 PATRICIA (MUS)	BX ALEXIA (3º ESO)	LGL ALFONSO (3º ESO)
mediodía					
16:30 17:20	MATE ACAD. CONCHI (3º ESO) MATE APLIC ALEXIA (TECNO)				
17:20 18:10	TIT CRISTIAN (3º ESO)				

4º ESO					
/-\	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:30 10:20	LGL ALFONSO (4º ESO)	PORTU ALFONSO (4º ESO)	LCL CRISTINA (4º ESO)	TIC TECNO (INFO) MUS PATRICIA (MUS)	LCL CRISTINA (4º ESO)
10:20 11:10	PORTU ALFONSO (4º ESO)	RELI JOSE MANUEL (4º ESO) V.ET PATRICIA (INFO)	ING 4º ESO (4º ESO)	LGL ALFONSO (4º ESO)	ING ROSA (4º ESO)
11:10 12:00	TIC TECNO (INFO) MUS PATRICIA (MUS)	MATE ACAD. CONCHI (4º ESO) MATE APLIC TECNO (TECNO)	XH CRISTIAN (4º ESO)	FQ ROBERTO (4º ESO) TECNO TECNO (TECNO)	MATE ACAD. CONCHI (4º ESO) MATE APLIC TECNO (TECNO)
recreo					
12:30 13:20	ING ROSA (4º ESO)	TIC TECNO (INFO) MUS PATRICIA (MUS) J	BX ALEXIA (4º ESO) C.APLIC ROBERTO (INFO)	EF JAVIER (XIMNASIO)	FQ ROBERTO (4º ESO) TECNO TECNO (TECNO)
13:20 14:10	MATE ACAD. CONCHI (4º ESO) MATE APLIC TECNO (TECNO)	XH CRISTIAN (4º ESO)	FQ ROBERTO (4º ESO) TECNO TECNO (TECNO)	MATE ACAD. CONCHI (4º ESO) MATE APLIC TECNO (TECNO)	PORTU ALFONSO (4º ESO)
14:10 15:00	XH CRISTIAN (4º ESO)	BX ALEXIA (4º ESO) C.APLIC ROBERTO (INFO)	LGL ALFONSO (4º ESO)	TITORÍA 4º ESO (4º ESO)	BX ALEXIA (4º ESO) C.APLIC ROBERTO (INFO)
mediodía					
16:30 17:20	LCL CRISTINA (4º ESO)				
17:20 18:10	EF JAVIER (4º ESO)				

## 1.7.- Horarios dos PAS.

### **FUNCIÓNS DO PERSOAL LABORAL DE COCIÑA DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR**

Para as funcións do persoal laboral de cociña seguirase o establecido no artigo 2.5 da Instrución 1/2016, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 30 de maio, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2016-2017.

En dito artigo, relativo ao persoal laboral de cociña do servizo de comedor escolar expónse:

Este persoal desempeñará as funcións que lle atribúe o artigo 9 do Decreto/132/2013 en relación ao artigo 9.1 da Orde do 21 de febreiro de 2007. Primordialmente encargaranse da comprobación das materias primas requiridas e a elaboración dos menús, o servizo de atención ás mesas dos usuarios e a limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar.

A continuación expónse tanto o artigo 9 do Decreto/132/2013, coma o artigo 9.1 da Orde do 21 de febreiro de 2007, no que se establecen as funcións do persoal laboral de cociña do servizo de comedor escolar.

***DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.***

**Artigo 9. Persoas con responsabilidades na organización do comedor escolar, persoal de cociña e persoas que colaboran na atención aos alumnos comensais nos comedores xestionados pola consellería competente en materia de educación**

1. Os labores dos directores e encargados de comedor, así como das persoas que colaboran na atención aos alumnos comensais, e a fixación do número destes últimos determinaranse na normativa de desenvolvemento deste decreto.

O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado nos centros, que asuma responsabilidades na organización dos comedores escolares e na atención ao alumnado usuario do comedor, terá dereito a unha compensación económica, que será aboada en función dos días da súa asistencia efectiva ao comedor.

2. O persoal laboral de cociña nos comedores escolares xestionados directamente pola consellería con competencias en materia de educación estará integrado por oficiais de 2ª de cociña e axudantes de

cociña. As súas funcións e o seu número, en función da categoría do comedor, determinaranse na normativa de desenvolvemento deste decreto.

*Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

### **Artigo 9º.-Persoal laboral do servizo de comedor escolar.**

1.- Será competencia do persoal laboral do servizo de comedor as seguintes funcións, acordes coa súa categoría profesional, nos termos que estableza o convenio colectivo de aplicación, e que a título indicativo se sinalan:

- ✓ Elaboración de comidas de acordo co menú aprobado polo consello escolar.
- ✓ Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de sanidade e hixiene.
- ✓ Servizo de atención ás mesas dos usuarios.
- ✓ Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.
- ✓ Informar o encargado do servizo de comedor escolar daquelas outras cuestións que afecten o funcionamento do servizo.
- ✓ Colaborar no seguimento dos protocolos de seguraza e hixiene e de riscos laborais.
- ✓ Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do Plan de formación continuada.

## **HORARIOS DO PERSOAL LABORAL DE COCIÑA DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR**

***González Rodríguez, Francisco Manrique (Persoal comedor)***

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Entrada pola mañá	09:30	09:30	09:30	09:30	09:30
Saída pola mañá	17:00	17:00	17:00	17:00	17:00

***Gómez Villaverde, Basilisa (Persoal comedor)***

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Entrada pola mañá	09:00	09:00	09:00	09:00	09:00
Saída pola mañá	16:30	16:30	16:30	16:30	16:30

***Calviño López, María del Carmen (Persoal comedor)***

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Entrada pola mañá	09:00	09:00	09:00	09:00	09:00
Saída pola mañá	16:30	16:30	16:30	16:30	16:30

## **HORARIOS DO PERSOAL LABORAL NON DOCENTE (COIDADORA, CONSERXE E ADMINISTRATIVO)**

### ***Quindimil Núñez, José Manuel (Conserxe)***

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Entrada pola mañá	08:30	08:30	08:30	08:30	08:30
Saída pola mañá	14:30	14:30	14:30	14:30	14:30
Entrada pola tarde	15:00	15:00	15:00	15:00	15:00
Saída pola tarde	16:30	16:30	16:30	16:30	16:30

### ***Fernández González, Isabel (Coidadora)***

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Entrada pola mañá	09:00	09:00	09:00	09:00	09:00
Saída pola mañá	16:30	16:30	16:30	16:30	16:30

### ***Roca Baamonde, María Montserrat (Administrativo)***

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Entrada pola mañá	08:30	08:30	08:30	08:30	08:30
Saída pola mañá	16:00	16:00	16:00	16:00	16:00

## Capítulo III

### Documento nº5. Programa Anual de Actividades Complementarias e Extraescolares

#### PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES CURSO 2016-2017

Neste documento preséntase a programación de actividades complementarias e extraescolares para o curso académico 2016-2017 para o CPI de Xanceda.

Son actividades complementarias aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes. A participación nelas ten o mesmo carácter obrigatorio que a asistencia á clase.

As actividades extraescolares son as que, organizadas polo Centro e incluídas na PXA e aprobadas polo Consello Escolar, se realizan fóra do horario lectivo. Non son obrigatorias.

As actividades que se recollen nesta programación son soamente propostas e a súa realización dependerá da organización do centro, da dispoñibilidade de tempo e da decisión dos distintos departamentos e titorías de facelas ou non.

Hai saídas que neste momento é difícil prever polo que as que non estean neste documento deberán seguir o procedemento que figura no NOF.

O coordinador de actividades complementarias e extraescolares será Javier Barreiro.

Como actividade extraescolar de centro, ao finalizar o curso, o alumnado de 4º ESO, realizará unha saída cultural dun máximo dunha semana. A previsión da actividade é realizala no período que comprende as dúas últimas semanas de curso, dependendo da data final na que se convoque a proba de externa de 4º ESO. O destino está por determinar, dependerá do presuposto da viaxe e das actividades didácticas que se poidan realizar na excursión.

### **Educación Infantil**

O alumnado de Infantil participará ao longo deste curso en todas aquelas actividades que se organicen no centro, sempre que sexan adaptadas para o seu nivel.

- O ciclo de Infantil poderá participar en todas as actividades e celebracións programadas e reflectidas na PXA: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, Semana de teatro, Semana da Prensa.
- No resto das conmemoracións sinaladas no calendario escolar, esta etapa seguirá as pautas marcadas para toda a Primaria.
- Saídas didácticas: contémplanse tres saídas didácticas (unha por trimestre), aínda sen determinar, así como a posibilidade de facer algunha máis que poida xurdir e que consideremos interesante e axeitada para o noso alumnado. En todo caso, informaremos previamente ás familias e contaremos coa súa autorización por escrito.
- Aproveitaremos os cambios de estación para que o alumnado observe directamente as variacións da paisaxe na nosa contorna (pequenas saídas polo concello).

### **1º Curso de Educación Primaria**

- Participaremos na celebración de festas populares do Centro (magosto, Nadal, entroido, ...) e nas efemérides programadas polos equipos de Actividades Extraescolares, Biblioteca e Dinamización da Lingua Galega. Participaremos tamén na semana de teatro a celebrar no mes de xuño.
- Realizaremos viaxes culturais e visitas que se organizarán ao longo do curso en función dos proxectos traballados e dos propios intereses dos alumnos.

No primeiro trimestre están previstas dúas saídas:

- Saída á contorna para observar os cambios no outono (Visita a unha carballeira e a un souto)



- Saída ao cine no mes de Nadal.

## **2º Curso de Educación Primaria**

Ao longo do curso celebraranse as conmemoracións establecidas no calendario escolar 2016/2017, na que se traballará por aula e por centro estes acontecementos.

Saídas: Unha cada trimestre:ao entorno, ao cine

### **2. Actividades complementarias por áreas.**

#### **a. Ciencias da natureza.**

- Traballos en grupo sobre os proxectos establecidos nos tres trimestres.
- Búsqueda de información na internet, tratamento desa información e presentación da mesma aos demais:os músculos e ósos, máquinas e aparellos, o universo, animais e plantas.
- Realizar murais sobre distintos contidos da materia:os modismos alimentarios, hábitos saudables,etc
- Construír pequenos aparellos para aplicar o que aprendemos.
- Facer pequenos experimentos e observar os fenómenos que se producen, sacando as conclusións precisas.
- Realizar instrucións sobre unha máquina ou ferramenta que explique a maneira de úsala con seguridade.
- Ficha sobre o ornitorrinco, despois de ver un vídeo e buscar información.
- Facer listaxes: musculos e ósos, os vexetais que comemos nun día ou semana.
- Saídas fóra do centro, unha cada trimestre.ao contorno, ao cine, etc

#### **b. Ciencias sociais.**

- Traballos en grupo sobre os proxectos establecidos nos tres trimestres.
- Búsqueda de información na internet, tratamento desa información e presentación da mesma aos demais.
- Realizar murais sobre distintos contidos da materia.

- Mapas sobre os contidos da materia.-
- Traballar con planos.
- Traballos de investigación sobre temas tratados na materia.
- Saídas fóra do centro, unha cada trimestre.ao contorno, ao cine, etc
- Elaboración dun museo de aula.
- Trballo roupas de época
- Listaxes das comunidades autónomas e capitais.

### **c. Lingua galega e literatura.**

- Dramatizacións que nos axudarán a preparar a Semana do Teatro.
- Compoñer poemas, textos, descrições, carteis.
- Búsqueda e tratamento da información.
- Semana do teatro
- Exposicións orais ante a clase.
- Traballos sobre libros e autores.
- Uso da biblioteca de aula e a de centro, outras bibliotecas.
- Elaboración de carteis normas ortográficas, vocabulario novo, autores, etc
- Palabras grandes: buscar nos periódicos e revistas plabras en mayúsculas.
- Refrás do tempo.
- Elaboración poesías para as festas e conmemoracións.
- Participación en concursos e certames.
- Traballos cooperativos e proxectos en cada un dos trimestres, nos que se traballan aspectos xa aprendidos en cada unha das unidades didácticas dese trimestre.

#### **d. Matemáticas**

- Traballos cooperativos e proxectos en cada un dos trimestres, nos que se traballan aspectos xa aprendidos en cada unha das unidades didácticas dese trimestre.

- Búsqueda de información sobre distintos aspectos traballados na aula, tratamento da mesma e exposición ante os compañeiros.

-Xogos de cálculo mental

- Xogos para identificar un número.

- Actividades en plataformas informáticas sobre os contidos traballados.

- Visualización de vídeos, links, etc sobre a materia.

- Os números de Fibonacci.

- Traballos sobre curiosidades das matemáticas, como sempre sae nove.

#### **e. Lingua castelá e literatura.**

Realizaranse as conmemoracións establecidas no calendario escolar 2016/2017 e outras actividades :

- dramatizacións que nos axudarán a preparar a Semana do Teatro.

- Compoñer poemas, textos, descricións, carteis.

- Búsqueda e tratamento da información.

- Semana do teatro

- Exposicións orais ante a clase.

- Traballos sobre libros e autores.

- Elaboración de carteis normas ortográficas, vocabulario novo, autores, etc

- Utilizaráanse as conmemoracións e festas que se celebren no centro para traballar a lectura, escritura , búsqueda de información, facer carteis, etc

-Participación en concursos e certames.

- Traballos cooperativos e proxectos en cada un dos trimestres, nos que se traballan aspectos xa aprendidos en cada unha das unidades didácticas dese trimestre.

## **f. Expresión plástica.**

- visionado de videos sobre manifestacións plásticas e obras de arte, museos, exposicións.
- realización de traballos relacionados coas conmemoracións e festas que se celebran no centro.
- traballos en equipo.

### **3º Curso de Educación Primaria**

- Participar nas celebracións de festas co Centro, magosto, Entroido, et e as programadas polo equipo de actividades complementarias e extraescolares en colaboración do equipo da biblioteca e de dinamización da Lingua Galega.
- Ao longo do curso faranse saídas e visitas culturais.

### **4º Curso de Educación Primaria**

- Participación nas actividades previstas para o curso:
  - Magosto
  - Nadal
  - Entroido
- Participación na actividade “A mochila viaxeira” organizada pola Biblioteca do Centro.
- Saídas a museos ou actividades relacionadas coa práctica do curso.
- Participación nas actividades ofertadas polo concello de Mesía.
- Participación das actividades organizadas nas datas Conmemorativas.
- Algunha outra que poida xurdir o longo do curso e que se considere importante para a Programación da aula.

### **5º Curso de Educación Primaria**

O alumnado deste Curso participará ao longo de este curso en todas aquelas actividades que se organicen no Centro ( Día da paz, Samaín, entroido,..) programadas polo equipo de Actividades complementarias e

extraescolares, en coordinación co Equipo de biblioteca e o Equipo de dinamización lingüística. Ademais, están previstas as seguintes saídas didácticas:

- No primeiro trimestre:

. Visita a A Casa das Ciencias e ao Muncyt, na cidade de A Coruña

. Saída ao cine preto das vacacións de Nadal.

- No segundo trimestre:

. Obra de teatro en inglés.

. Visita ao Museo de Ciencias da USC en Santiago

- No terceiro trimestre:

. Excursion fin de curso.

4.- Outras saídas:

. Concertos didácticos.

. Xornadas de convivencia no contorno co resto da escola

### **6º Curso de Educación Primaria**

En coordinación co resto do profesorado de infantil e primaria do Centro, e ao tratarse dun centro de línea única, levaremos a cabo actividades complementarias e extraescolares adaptadas ao nivel do alumnado. Nunhas aproveitaremos saídas con outros niveis ou con todo o alumnado, e algunha é posible que se faga individualmente como grupo.

Como previsión para este curso propoñemos:

A realizar no Centro

-Participar nas celebracións de festas populares co Centro ( agosto, entroido, samaín, maios...) e nas efemérides programadas polo equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares en colaboración co Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega ( Día da Paz, Día contra a violencia de xénero, Día do Libro...)

Fóra do Centro

-Participar en charlas e actividades programadas polo departamento de Orientación para este nivel educativo

-Viaxes culturais e visitas que se organizarán o longo do curso en función dos proxectos traballados e dos propios intereses dos nenos e nenas.

Ao longo do presente curso, faranse as seguintes saídas:

1º TRIMESTRE: saída ao cine, teatro ou algún concerto, dependendo das ofertas que haxa adaptadas ao alumnado

2º TRIMESTRE: visita a algunha fábrica do concello, algunhas das cerámicas ou de procesamento e elaboración de produtos lácteos. Visita a algúns dos museos científicos de A Coruña

3º TRIMESTRE: saída de fin de curso, con actividades ao aire libre, preferentemente en zona de costa.

Asimesmo aproveitarase algunha outra saída que poida xurdir ao longo do curso que polo seu carácter cultural e pedagóxico sexa de interese para o alumnado.

### **Música**

A área de Educación Musical desenvolverá unha serie de actividades extraescolares en función das necesidades do alumnado e dos contidos traballados. Realizaranse saídas a concertos didácticos como os propostos polo Auditorio de Galicia e a Real Filharmonía de Galicia en Santiago de Compostela ou o Palacio da Ópera e a Orquestra Sinfónica de Galicia en A Coruña. Así mesmo, realizaranse outras moitas actividades fóra de horario lectivo para a preparación dos diferentes festivais organizados polo centro en datas sinaladas como o festival de Nadal ou o festival de Fin de Curso. Poderán programarse, así mesmo, diferentes actividades en colaboración con músicos ou agrupacións alleas ao centro, en contribución aos contidos traballados nas aulas de música. Destacar tamén a aportación a calquera actividade formativa que poida ser proposta dende as titorías.

### **Inglés**

Procurarase que o alumnado poida asistir a obras teatrais representadas en inglés, que participe no programa de inmersión lingüística ou noutras actividades que vaian surxindo.

## **Educación Física**

- Realización de competicións deportivas ou xogos no centro escolar.
- Saída a algún entorno natural ou de interese cultural para a realización de actividades relacionadas coa Educación Física.
- Andaina adaptada ao nivel do alumnado.
- Actividades propostas polo Concello ou outras que podan xurdir durante o curso e que estean relacionadas cos obxectivos plantexados na programación.

## **Relixión**

Relación das actividades complementarias e extraescolares planificadas polo centro.

Exemplo:

- Participación na semana cultural (Semana do Teatro) organizada polo centro educativo e noutras efemérides (día das Letras Galegas,...) ou eventos sociais e culturais do seu ámbito.
- Participación en talleres organizados polo Concello ou outros organismos, relacionados con aspectos literarios e culturais.
- Visita bibliotecas, medios de comunicación, empresas nos que se desenvolvan labores relacionados cos contidos da área.
- Visita a exposicións temporais relacionadas cos temas estudados.

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PARA O CURSO 2016-2017 ESO**

### **Matemáticas**

O Departamento de Matemáticas do CPI de Xanceda para o curso 2016-2017 ten prevista como posible actividade complementaria a visita a algunha das exposicións que algúns cursos organiza a Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática (AGAPEMA) con motivo da celebración da Semana da Ciencia en Galicia.

Tamén polo mesmo motivo, e para conmemorar no propio centro o día das matemáticas temos intención de organizar algunha actividade, como por exemplo, un concurso de fotografía matemática .

Á marxe destas, deixamos aberta a posibilidade de participar nalgunha actividade ou visita a algún centro ou museo que poda resultar interesante dende o punto de vista matemático e dos cales o departamento teña noticia ó longo do curso a través dos medios ou por chegar información ó noso centro referente a elas, así como a posibilidade de facer unha visita ao Instituto Galego de Estadística con algún dos grupos da ESO.

Así mesmo, se se nos require, prestaremos a nosa colaboración naquelas outras actividades desenvolvidas por outros departamentos didácticos.

### **Lingua e literatura Castelá**

Durante el curso 2016/17 se podrán llevar a cabo actividades relacionadas con la asistencia a obras teatrales o recitales de poesía o cualquier otra que pueda surgir y que, a juicio de este departamento, sea apropiada.

### **Lingua e Literatura Galega e Portugués**

O departamento de Galego ten disposición para realizar actividades que complementen o desenvolvemento harmónico e a formación íntegra do alumnado nas súas dimensións humanas e de cohesión social dentro do grupo. Para iso estima a participación nas celebracións de integración que o Centro desenvolva ao longo do curso e, tamén, aquelas que espontaneamente xurdan para beneficio dos seus alumnos e as alumnas no exterior do Centro. Esas actividades son aquelas de coñecemento e reflexión sobre as realidades culturais propias e do entorno –recollas de Cultura Tradicional, costumes, observacións, realización de traballos sobre a memoria histórica, etc- e coñecemento doutras realidades que non sexan do entorno –museos, visitas guiadas, exposicións, obras de teatro, cursos de animación á lectura, á sensibilidade artística –musical, plástica, de expresión física, de defensa da Natureza e Medio Ambiente, de respecto á integración, etc- sempre e cando acaden a autorización pertinente para a súa realización e os medios humanos e materiais o permitan.



Algunhas das actividades extraescolares que se veñen realizando nos últimos cursos e que previsiblemente se realizarán tamén neste son:

- Asistir a representacións teatrais. As datas de realización destas saídas estarán en función da programación ofertada polos organizadores. A asistencia ás representación e a decisión dos grupos de alumnos asistentes terá en conta as características da obra representada, as idades para as que está proposta e a relación co currículo da materia de cada curso.
- Participar nas actividades propostas polo “Correlingua” sexan realización de traballos na aula, participación en concursos ou participación en saídas propostas pola organización do certame. A localización temporal das saídas dependerá das propostas dos organizadores da carreira.
- Participar nas actividades propostas polo EDNL, a biblioteca etc do centro.
- Participar en certames literarios convocados por diferentes entidades.
- Visita ao Museo do pobo galego en Santiago de Compostela.
- Visita ao museo pedagóxico de Galicia (MUPEGA) en Santiago de Compostela.
- Visitar Celanova para facer a “Ruta currosiana” organizada pola fundación Curros Enríquez co alumnado de terceiro de ESO, segundo a dispoñibilidade de datas.
- Outras saídas que poidan xurdir ao longo do curso organizadas por diferentes organismos que poidan ter algún interese para a materia e axeitadas aos grupos de alumnos/as.

## SEGUNDA LINGUA ESTRANGEIRA: PORTUGUÊS

As realización das actividades que se propoñen é optativa.

- Viaxe a unha feira en Portugal: Caminha, Valença ou Vila Nova de Cerveira.
- Viaxe para coñecer unha vila ou cidade portuguesa: Ponte de Lima, Viana do Castelo, Guimarães, Braga...
- Viaxe ao Porto para visitar a Fundação Serralves, a casa da Música e outros lugares de interese.
- Intercambios con centros de ensino portugueses.
- Conferencias e charlas con persoas naturais de Portugal ou coñecedoras da lingua ou a sociedade portuguesa.

## Francés

Para este curso, o Departamento de Francés poderá propoñer algunhas das seguintes actividades propias da área de Francés:

Proxección de películas en versión orixinal francesa, con subtítulos en Francés ou en Castelán, dependendo do nivel do alumnado.

Asistencia a algunha obra de teatro en Francés, dependendo da cantidade de alumnado interesado e do custe da entrada e do transporte ao lugar da representación.

### **Inglés**

Ao longo de este curso intentarase que o alumnado asista a algunha representación teatral ou película en lingua inglesa dacordo co nivel do alumnado. Tamén sería interesante que asistiran a exposicións ou outras actividades culturais que traten da cultura e da sociedade dos países de lingua inglesa.

Promoverase calquera experiencia e actividade que procure o intercambio cultural en calquer aspecto con outros países.

Intentarase que os nosos grupos de ESO participen de novo no concurso europeo entre países non falantes de inglés THE BIG CHALLENGE, baseado no coñecemento desta lingua e aspectos socioculturais.

Intentarase facer unha visita a un país de lingua inglesa para os alumnos de ESO que amosen interés pola materia e que podan despoés aplicar na aula a experiencia da visita.

Todas as posibles actividades extraescolares que se contemplan faranse cando sexa o mellor momento para non interrompir o ritmo normal das clases. Polo tanto quedan abertas as datas para a súa realización.

### **Educación Plástica e Visual.**

Non hai programada ningunha actividade extraescolar.

### **Física e Química**

No momento da elaboración da presente programación aínda non se teñe previsto realizar ningunha actividade extraescolar. Aínda que, se durante o curso, xurdira algunha actividade poderíase levar a cabo.

### **Ciencias aplicadas á actividade profesional**

No momento da elaboración da presente programación aínda non se teñe previsto realizar ningunha actividade extraescolar. Aínda que, se durante o curso, xurdira algunha actividade poderíase levar a cabo.

## Tecnoloxía

### 2º ESO

Visita ó parque eólico de sotavento.

Actividade proposta pendente de confirmar.

### 3º ESO

Visita a planta de bioetanol de Curtis.

Actividade proposta pendente de confirmar.

### 4º ESO

4ºESO: Visita á vivenda bioclimática do parque de Sotavento en Xermade

Actividade propostas pendentes de confirmar:

Debido a que as excursións saen máis baratas canta máis xente vaia, cabe a posibilidade de que outros cursos se incorporen ás excursións xa que calquera delas é interesante para a súa formación.

## Educación Física

### 1er TRIMESTRE

ACTIVIDADE	ACTIVIDADES MULTIAVENTURA
FECHA	3º TRIMESTRE
GRUPOS	1º,2º,3º,4º ESO
B. CONTIDOS	Os xogos e as actividades deportivas

### 2º TRIMESTRE

ACTIVIDADE	VISITA A UN XIMNASIO DA ZONA
FECHA	2º TRIMESTRE

GRUPOS	4º ESO
B. CONTIDOS	Actividade física e saúde

ACTIVIDADE	SEMANA BRANCA
FECHA	2º TRIMESTRE
GRUPOS	1º,2º,3º,4º ESO
B. CONTIDOS	Os xogos e as actividades deportivas

ACTIVIDADE	PATINAXE EN PISTA DE XEO
FECHA	1º TRIMESTRE.
GRUPOS	1º,2º,3º,4º ESO
B. CONTIDOS	Os xogos e as actividades deportivas

3er TRIMESTRE

ACTIVIDADE	ORIENTACIÓN
FECHA	3º TRIMESTRE
GRUPOS	3º/4º ESO
B. CONTIDOS	Os xogos e as actividades deportivas

ACTIVIDADE	DESCENSO DE RIO (RAFFTING)
FECHA	3º TRIMESTRE
GRUPOS	3º/ 4º ESO
B. CONTIDOS	Os xogos e as actividades deportivas

### **Xeografía e Historia**

Ao longo do curso organizaranse actividades extraescolares que aparecerán detalladas na memoria de final de curso.

O Departamento está aberto a calquer tipo de actividade que vaia xurdindo ao longo do curso, en relación coa materia.

### **Departamento de Orientación**

- ◆ - Programa de identificación da violencia de xénero.
- ◆ Programa de prevención de drogodependencias.
- ◆ Obradoiro de empatía.
- ◆ Obradoiro de autocontrol e búsqueda de sensacións.
- ◆ Plan Director a cargo da Garda Civil.
- ◆ Programa Ktorce, prevención conductas infractoras nos adolescentes.
- ◆ Programa Igualar da Mancomunidade de Ordes.
- ◆ Programa “Suprime o control” da Deputación de Coruña.
- ◆ Programa de Orientación Académica-Profesional en Educación Secundaria, facendo uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- ◆ Xornadas de sensibilización sobre a prevención das alteracións alimentarias.
- ◆ Desenvolvemento do Programa de Habilidades Sociais.
- ◆ Xornadas de prevención de accidentes e sensibilización de condutas de risco.
- ◆ Xornadas de sensibilización para a doazón de órganos.

## **Relixión**

### ***Marco teórico***

Os obxectivos das actividades deste departamento de relixión son:

- ✓ Procurar unha relación entre os alumnos que provoque unha maior consideración das capacidades de autoestima persoal, de inserción social e de afecto.
- ✓ Animar o traballo en equipo favorecendo a solidariedade e apreciando o valor do distinto.
- ✓ Facilitar a convivencia e integrar aos alumnos de distintas culturas.
- ✓ Completar a formación relixiosa na súa aplicación práctica achegando aos alumnos á cultura, arte e símbolos relixiosos do seu entorno.

As actividades realizaranse sempre en coordinación co Departamento de Actividades Extraescolares que, no noso Centro, está baixo a supervisión de Vicedirección. Por iso a temporalización concreta de cada actividade farase co Plan que ha de establecerse nos primeiros días de clase cando se teñan os datos concretos de cada grupo e de outras materias e que ha de ser aprobado polo Consello Escolar do Centro.

Este Departamento realizará as actividades en interrelación con actividades doutros Departamentos do Centro que xa estean programadas e apoiadas por os organismos responsables. E tamén nalgúns casos realizaranse as actividades en colaboración con outros Institutos para abaratar custos e para maior enriquecemento cultural dos alumnos.

### ***Marco práctico***

#### ***Complementarias***

- Xornada Declaración Dereitos Humanos.
- Xornada de solidariedade no Nadal.
- Conmemoración de Sto. Tomé de Aquino.
- Celebración do Día da Paz.
- Participación na Campaña contra a Fame de *Manos Unidas*.
- Conta-contos/Charlas-coloquios-mesas redondas.
- Xornada do libro: a Biblia, o Corán e a Biblia hebrea. Encrucillada das tres grandes relixións monoteístas. Uso da Biblioteca do Centro.
- Exposición no hall do Instituto de tarefas realizadas con murais ou carteis.

- Concurso do mellor blog de aula da materia de relixión.

### *Extraescolares*

- Coñece a túa parroquia: visita a algunhas parroquias dos alumnos.(N.Sra. de Lourdes-Curtis, Santaia-Curtis, Santa María de Foxado, San Xiao de Grixalba, San Pedro da Porta-Sobrado, Santiago-Vilasantar, San Cristovo de Mesía, Divino Salvador de Xanceda, San Martiño de Cabrui, etc.)
- Visita ao Mosteiro cisterciense de Sobrado dos Monxes.
- Convivencias con outros alumnos de centros educativos da cidade.
- Saída ás rúas da cidade para análise da realidade e relación coa Doutrina Social da Igrexa.
- Viaxe a Santiago de Compostela para achegamento á tumba do Apóstolo Santiago.
- Creación dun grupo de Voluntarios.
- Visita ao mosteiro cisterciense de Oseira e Armenteira.
- Universidade e vocación en Santiago de Compostela.

### **Música**

O departamento de música ten previsto realizar as seguintes actividades

complementaria e extra escolares:

- Asistencia a concertos didácticos, que organiza a Real Filharmonía de Galicia, no Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela.
- Programación de concertos presenciais donde grupos reducidos de músicos amosaran os distintos tipos de músicas o alumnado. Sempre celebramos o día de Santa Cecilia a patróa da música cunha sorpresa para os/as alumnos/as do todo centro coa presenza dalgún músico/a.
- Realización, produción e execución polos alumnos de concertos didácticos para o alumnado de 1º da E.S.O.

- Celebración do día internacional da música ao mesmo tempo que os/as alumnos/as de 2º, 3º e 4º ESO realizan un concerto cara a graduación dos/as alumnos/as de 4º ESO.
- Visita didáctica dun luthier da zona compaxinada coa saída ao concerto do Auditorio de Galicia.

## **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**

No momento de elaboración da presente programación didáctica aínda non se teñen previsto realizar ningunha actividade extraescolar. Aínda así, se durante o curso escolar 2016-2017 xurdira algunha actividade extraescolar podería levarse a cabo. Ademais o departamento poderá colaborar nas actividades complementarias e extraescolares que aparecen relacionadas na PXA do centro de ser necesario.

### **Organización, funcionamento e horario da biblioteca. Programación do servizo de Biblioteca.**

#### **Programación da Biblioteca do CPI de Xanceda.**

A modo de introdución considero importante mencionar que a nosa biblioteca e o noso centro atópanse situados nun entorno rural, polo cal supoñen un punto importante de acceso dos alumnos a información e a cultura. O concello tamén ten unha biblioteca municipal coa cal procuraremos coordinarnos para aproveitar mellor os recursos.

A biblioteca escolar é un espazo de aprendizaxe e lecer. O noso principal obxectivo é sen dúbida construír unha biblioteca que sexa un centro de referencia para o noso alumnado coa axuda do resto do profesorado pero tamén para o resto da comunidade educativa. Isto levounos a pensar que era necesario

continuar con todos os aspectos concernentes á nosa bibliotea e a súa promoción, por encima de todo ao achegamento dos nenos e nenas, adolescentes novos profesores e nun futuro próximo xa máis cercano ao resto da comunidade educativa.



Así a nosa programación conterá unha serie de obxectivos que trataremos de acadar este curso.

Este ano renováronse algúns dos membros do equipo de biblioteca, tres membros xa formaban parte en anteriores anos e engádense outro novos membros. O equipo de biblioteca está formado por tres mestres de primaria e dous profesores de secundaria:

- Francisco López Varela
- María Sanjurjo Moar
- Cristian Iglesias Lorenzo
- M<sup>a</sup> Cristina Mourelo Barreiro
- A coordinadora da biblioteca é a mestra de primaria Mónica Gil Suárez, o seu horario é o seguinte.

LUNS: de 10:20 a 11:10

MÉRCORES: de 11:40 a 12:30

XOVES: de 10:20 a 12:30

VENRES: de 10:20 a 11:10

A encargada de biblioteca e os demais membros do equipo de biblioteca tamén atenden ao alumnado de primaria e secundaria nos recreos 11:10 a 11:40 (primaria) e 12:00 a 12:30 (secundaria). Durante estas gardas fanse os préstamos e devolucións así como recomendación su suxestión de lecturas e películas.

Ademais temos unha reunión semanal do equipo e biblioteca os xoves de 10:20 a 11:10.

E importante mencionar que nos períodos de recreo hai un grupo de alumnos que de forma voluntaria se implican e colaboran para as tarefas de organización e funcionamento da biblioteca.

En ocasións é preciso empregar ocos ou horas fóra do noso horario, cando as necesidades así o requiren, para a preparación de todo o que conleva o día a día dunha biblioteca.

Os obxectivos que queremos conseguir este curso pretenden manter o que xa forma parte da tradición do noso centro, da nosa biblioteca, posto que consideramos xa conforman a nosa identidade propia. Pero tamén tentaremos mellorar e innovar para seguir avanzando e adaptándonos as novas esixencias do centro.

Consideramos moi importante a colaboración e coordinación cos equipos de Normalización Lingüística e tamén Actividades Complementarias e Extraescolares.

A hora de levar a cabo estes obxectivos teremos en conta que somos un CPI e procuraremos dar resposta as inquietudes e necesidades dos máis pequenos ata os máis grandes, e dicir, das diferentes etapas (Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria.)

- Exposicións variadas en días sinalados: Samaín, Nadal, Paz, San Valentín, Letras Galegas,...
- Cambios no expositor de novidades, así como exposicións de acordo os días senlleiros.
- Facilitar o acceso ao alumnado novo que se incorpora, facilitándolle un carné de biblioteca e a través da formación de usuarios.
- Creación do noso propio Blog. Potenciar e difundir o Blog en colaboración co mestre responsable das TICS.
- Colaboración coa biblioteca do concello.
- Crear un espazo de lectura para os nenos de Educación Infantil, decorado e adaptado as súas necesidades, buscando unha maior motivación e potenciando o gusto pola lectura dende as primeiras etapas.
- Procurar que a biblioteca sexa un espazo totalmente aberto e accesible a toda a comunidade educativa.
- Potenciar a formación do membros do equipo de biblioteca.
- Colaborar estreitamente cos mestres de Inglés, Francés, Galego, Portugués, Ed. Física, Tecnoloxía, Ciencias... para a renovación e actualización de fondos.
- Aportación e actualización dos fondos relacionados con teatro para a celebración da X semana do teatro (tradición no noso centro).
- Promoción de actividades enmarcadas no plan lector do centro.
- Promoción de actividades enmarcadas no plan de atención a diversidade do centro.
- Xornadas con escritores.
- Actuacións de contacontos para os máis pequenos.
- Preparación de diversos concursos.
- Preparación e renovación das mochilas viaxeiras.
- Fomentar a lectura nos períodos vacacionais e de lecer a través da elaboración dun Tríptico de suxerencias para o Nadal.
- Favorecer a participación do alumnado na organización e funcionamento da biblioteca
- Pre-expurgo e expurgo.
- Proseguir coa catalogación ou recatalogación.

- Procurar ter unha biblioteca armónica e cunha certa orde.

## RECURSOS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura entre o alumnado e mellorar a organización dos fondos tendo en conta a CDU.
- Fomentar o uso da biblioteca como espazo de lecer. Especialmente para a ESO, pois a estas idades o interese pola biblioteca é máis baixo.
- Empregar as gardas de secundaria para o fomento da lectura a través da utilización dun carriño cunha variedade interesante para o alumnado: revistas de deportes, música, coches, de viaxes, países do mundo, diversas temáticas rápidas de ler como poesía, algo de teatro, música, pequenas biografías...
- Dar a coñecer de xeito máis apropiado as novidades así como variedade de títulos e títulos esenciais do fondo a través do moble de novidades e de exposicións temporais, no moble do corredor do primeiro andar de primaria á beira da biblioteca , na entrada do edificio de secundaria e no Blog da biblioteca.
- Fomentar o uso das mochilas viaxeiras en infantil e primaria.
- Informar e asesorar a comunidade educativa sobre as novidades e os fondos do teatro en relación a celebración da X semana do teatro.
- Fomentar actividades ou concursos para a participación do alumnado tanto para ler libros como para fomentar a escritura de narracións curtas, poesías, cómics, sms...

## CONTIDOS A DESENVOLVER E ACTIVIDADES A REALIZAR

### CONTIDOS

- Xestión da biblioteca co programa Meiga.
- Formación de usuarios no primeiro trimestre.
- Organización axeitada as necesidades do centro tendo en conta os espazos da biblioteca.
- Coñecemento e utilización de recursos en rede en relación as bibliotecas escolares.
- Coñecemento e utilización do Blog da biblioteca.
- Mellorar no coñecemento e utilización de recursos en rede en relación as bibliotecas escolares.
- Crear un espazo axeitado ás necesidades do alumnado. Valorar a creación dun novo espazo para os máis pequenos, etapa fundamental para o inicio do gusto pola lectura.
- Carriño con lecturas variadas: banda deseñada, revistas variadas, selección de poesía... para as gardas de secundaria.

- Xornadas e charlas con escritores.
- Exposición dos fondos do autor homenaxeado nas letras galegas, Manuel María.
- Participación nas mesmas do alumnado do centro, cun claro obxectivo de fomento da lectura entre o alumnado, xa que ademais de ler o libro participan activamente a través de preguntas relacionadas cos libro e coa vida do escritor.
- Participación activa do alumnado do centro nas actividades propostas así como en concursos de relatos ou contos.
- Elaboración dun tríptico con suxerencias para a lectura no Nadal.

## ACTIVIDADES

- Tríptico para o Nadal con libros recomendados para Infantil, Primaria e Secundaria.
- V Concurso de cabazas.
- Celebración do día da música Santa Cecilia con libros e película adicadas a mesma así coma unha exposición de instrumentos curiosos.
- Concurso de mensaxes de amor para San Valentín en colaboración e según as directrices establecidas polo equipo de normalización lingüística.
- Celebración do día mundial do libro: Selección de libros para o profesorado do centro nunha exposición levada a cabo en distintas estancias do centro.
- V Concurso de banda deseñada en colaboración co concello e coas directrices do ENL.
- Sesións de contacontos para educación Infantil e Primaria.
- Celebración das letras galegas. Buscando información sobre Manuel María, autor homenaxeado este ano, dende o equipo de Normalización Lingüística propónse unha visita guiada a casa-museo deste autor. Dende o equipo de biblioteca colaboraremos aportando bibliografía e exposicións deste autor, así como aquelas outras actividades que poidan xurdir ao longo do curso.

## METODOLOXÍA.

Nas reunións do equipo de biblioteca avaliaremos o traballo levado a cabo e salientaremos aqueles aspectos nos que podemos mellorar.

Dentro do equipo de biblioteca será fundamental que todos os membros do equipo participen de forma activa, para a realización das numerosas labores que require unha biblioteca é moi importante que cada

membro teña claro as súas funcións, polo cal será de gran axuda dende un inicio facer un reparto das tarefas. Así mesmos é preciso formar no uso do Meiga aos novos membros do equipo, catalogación, organización xeral,...

Será fundamental fomentar a participación da comunidade educativa nas distintas actividades, estando a biblioteca aberta a calquera suxerencia dos membros da comunidade educativa. Queremos que todos teñas o seu espazo na biblioteca, que se sintan cómodos e participen de forma activa, en definitiva queremos unha biblioteca dinámica que se adapte a realidade e as necesidades do centro.

O longo do curso iremos avaliando o funcionamento e o nivel de consecución dos obxectivos propostos, de ser preciso poderanse engadir ou modificar aqueles obxectivos que o precisen.

#### HORARIO DA BIBLIOTECA

Estará aberta en horario de recreo para todo o alumnado baixo vixilancia dun profesor/a para realizar os préstamos e devolucións pertinentes, así como para asesorar aos alumnos/as sobre as diversas lecturas. En horario de comedor non se farán préstamos nin devolución.

Poderase utilizar en calquera outro horario acompañados/as polo profesor/a que corresponda

## Documento 6. Programa de formación do profesorado.

### GRUPO DE TRABAJO

#### INTEGRACIÓN DIDÁCTICA DAS TIC

Grupo de traballo de 30 horas. No que participarán os seguintes docentes:

- Patricia Fernández García ( coordinadora).
- Rosa Guaddon Fiaño.
- Amelia Álvarez Aller.
- M<sup>a</sup> Concepción Cabañas Oubiña.
- Manuela Castro López.
- Roberto Prado Espiñeira.
- Javier Barreiro Pardo.

#### **Xustificación** do grupo de traballo

- No noso centro temos unha clara necesidade de afondar no tratamento didáctico das TIC.

Os **obxectivos** do grupo de traballo son os seguintes:

- Iniciarse no manexo das TIC.
- Coñecer Drupal como un sistema de xestión de contidos.
- Coñecer Moodle como unha aplicación web educativa virtual.
- Dinamizar a páxina web do noso centro.

Os **contidos** son os seguintes:

1. - Drupal como sistema de xestión de contidos.
2. - Moodle como aplicación web educativa virtual.
3. - Introducción ao manexo da páxina web do centro.

A **metodoloxía** é a seguinte:

- Traballo colaborativo e participativo. Tamén traballo individual.

Organización de **recursos humanos e materiais**

- Docente externo: José Luis Barreiro.
- Un espazo adecuado con ordenadores, proyector e pizarra dixital.

A **temporalización** é a seguinte:

- O grupo de traballo sería de trinta horas das cales seis son de docencia externa e nove de traballo individual e o resto de traballo grupal. A planificación levaríase a cabo entre o segundo e o terceiro trimestre.

Proceso e **criterios para a avaliación** do proxecto

- O 90% dos participantes do grupo de traballo manexa o Drupal e o Moodle dentro dun nivel práctico para o desenvolvemento da páxina web do centro.
- Dinamización dos contidos da páxina web do centro.

# CAPÍTULO IV

ORZAMENTO 2017

## ORZAMENTO 2017

INGRESOS PREVISTOS		
<b>a. Total dotacións da Consellería de C.E.O.U.</b>		<b>130.522,48</b>
a.1	Gastos de funcionamento FSE (Gastos directos e indirectos) PROA (Bus)	46.022,00 2.049,60 5.152,00
a.3	PLAMBE	925,00
a.4	Plan de Mellora da Calidade (Contratos-Programa)	1.250,00
a.6	Comedores Escolares	73.875,88
a.7	Política Lingüística (EDNL)	303,00
a.8	Outros: FOGGA	945,00
<b>h. Remanentes:</b>		<b>40.285,12</b>
a. Conta de Gastos de Funcionamento:		16.693,78
b. Conta de Comedor:		23.591,34
<b>i. Achegas</b>		<b>-</b>
<b>TOTAL DISPOÑIBLE:</b>		<b>170.807,60</b>
a. Para gastos de funcionamento e outros:		73.073,77
b. Para comedor:		97.733,83

### GASTOS:

GASTOS PREVISTOS		
<b>1.</b>	<b>Arrendamentos</b>	<b>0</b>
<b>2.</b>	<b>Reparacións, mantemento e conservación:</b> -Alarma, Centraliña, Incendios, Extintores, Sº informático, Carpintería, Fontanería	<b>7.000,00</b>
<b>3.</b>	<b>Material de oficina:</b> -Fotocopias, Tintas, Folios, Outros	<b>3.000,00</b>
<b>4.</b>	<b>Subministracións:</b> -Gasoil, Departamentos, Biblioteca, Club de Lectura, Orientación, Outros	<b>35.500,00</b>
<b>5.</b>	<b>Comunicacións:</b> -SMS, Correos	<b>1.000,00</b>
<b>6.</b>	<b>Transporte:</b> -Excursións, PROA	<b>14.500,00</b>
<b>7.</b>	<b>Traballos realizados por outras empresas:</b> -Imprenta, Charlas, Actividades presenciais	<b>6.000,00</b>
<b>8.</b>	<b>Primas de seguro</b>	<b>0,00</b>
<b>9.</b>	<b>Tributos</b>	<b>0,00</b>
<b>10.</b>	<b>Axudas de custo e locomoción</b>	<b>500,00</b>
<b>11.</b>	<b>Gastos diversos:</b> -Agasallos, Comisións bancarias, Outros	<b>2.000,00</b>
<b>12.</b>	<b>Mobiliario e utensilios inventariables:</b> -Estufas, Deshumidificadores, Ordenadores, Impresoras	<b>2.500,00</b>



<b>13.</b>	<b>Outros materiais inventariables</b>	<b>1.073,77</b>
<b>14.</b>	<b>Comedores escolares</b>	<b>97.733,83</b>
<b>TOTAL GASTOS PREVISTOS:</b>		<b>170.807,60</b>

<b>2.</b>	<b>Reparacións, mantemento e conservación:</b> Alarma (752,39) Centraliña (319,75) Incendios (335,39) Extintores (812,00) Sº informático (1.980,00) Carpintería Fontanería	<b>7.000,00</b>
<b>3.</b>	<b>Material de oficina:</b> Fotocopias (1.500) Tintas Folios Outros	<b>3.000,00</b>
<b>4.</b>	<b>Subministracións:</b> Gasoil (9000) Departamentos e Obradoiros (9.400) Biblioteca (4000) Outros	<b>35.500,00</b>
<b>5.</b>	<b>Comunicacións:</b> SMS Correos	<b>1.000,00</b>
<b>6.</b>	<b>Transporte:</b> Excursións PROA	<b>14.500,00</b>
<b>7.</b>	<b>Traballos realizados por outras empresas:</b> Imprenta Charlas Actividades presenciais	<b>6.000,00</b>
<b>10.</b>	<b>Axudas de custo e locomoción:</b> Profesorado Alumnado	<b>500,00</b>
<b>11.</b>	<b>Gastos diversos:</b> Agasallos Comisións bancarias Outros	<b>2.000,00</b>
<b>12.</b>	<b>Mobiliario e utensilios inventariables:</b> Estufas Deshumidificadores Ordenadores Impresoras Outros	<b>2.500,00</b>
<b>13.</b>	<b>Outros materiais inventariables:</b>	<b>1.073,77</b>
<b>14.</b>	<b>Comedores escolares:</b>	<b>97.733,83</b>

-Departamentos: (16x300) + (8x200) + 500 + 500 + 1.000 = 4.800 + 1.600 + 2.000= 9.400 EUROS

- LG 300
- LC 300
- CCNN 300
- MAT 300
- FR 300
- EF EP 300
- EF ESO 300
- CCSS 300
- MUS EP 300
- MUS ESO 300
- ING EP 300
- ING ESO 300
- REL EP 300
- REL ESO 300
- TEC 300
- EPV 300
- EPV (EI-EP) 500
- EI (200+200)
- EP 1º 200
- EP 2º 200
- EP 3º 200
- EP 4º 200
- EP 5º 200
- EP 6º 200
- EDNL 500
- ORI 1.000

## **ANEXO I**

### **PEC**

Non hai modificacións ao PEC. O documento continúa en vigor dende a súa aprobación no 6 de xullo de 2011, coas súas modificacións posteriores. Este documento foi ratificado con data 26 de xuño de 2014. A renovación deste documento é un dos obxectivos marcados na PXA.

## **ANEXO II**

### **PCC**

Non hai modificacións ao PCC. O documento continua en vigor dende a súa aprobación no 28 de xuño de 2012, coas súas modificacións posteriores. Este documento foi ratificado con data 26 de xuño de 2014. A renovación deste documento é un dos obxectivos marcados na PXA.

# ANEXO III

**D130/2007 D133/2007**

## **2.- PLAN ANUAL DE LECTURA**

Continúa en vigor o Proxecto Lector de Centro, aprobado en Claustro o 3 de decembro de 2015 e en Consello Escolar o 7 de decembro de 2015, engadindo as súas pautas o Plan Lector Anual que segue.

Para o curso 2016/17 tratarase de dar continuidade as actividades propostas do ano anterior e actualizarase nos seguintes aspectos:

- Proponse poñer un tema para a realización dun proxecto. O tema decidido é: “As emocións”.
- Itinirarios lectores. Listado dos libros a traballar en cada trimestre polo alumnado de infantil, primaria e secundaria, tendo en conta o tema do noso proxecto.
- Concurso para elección da mascota da biblioteca.
- Visita dun autor ou ilustrador por trimestre, sempre que a compatibilidade entre as datas sexa posible.
- Exposicións de obras de arte feitas polo alumnado interesado, sobre libros ou emocións traballadas na aula.
- Actividades a desenvolver dende a biblioteca:
  - Día das Bibliotecas Escolares (visita á biblioteca e elaboración dun marcapáxinas personalizado)
  - Samaín e Magosto con exposición de cabazas e elaboración de relatos de terror para traballar a emoción do medo de xeito común.
  - Día do libro (lectura continuada dunha adaptación do libro de Don Quixote da Mancha e pequena dramatización dun fragmento para transmitir emocións traballadas)
  - Día da muller (traballo de investigación das mulleres máis importantes na historia e traballo das distintas emocións que puideron sentir cada unha delas no seu momento vivido)
  - Semana da prensa en colaboración co equipo de Dinamización e Normalización Lingüística.
  - Día das letras galegas actividades a realizar en colaboración co equipo de Normalización Lingüística e o Concello.

Dende a biblioteca traballárase tamén en aquelas actividades que xurdan e se consideren de interese.

## **2.1.- PLAN LECTOR DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA**

### **2.1.1.- EDUCACIÓN INFANTIL**

Tal como marca a lexislación vixente, integrámonos no Plan Lector do Centro, adecuándonos ao noso nivel educativo.

Posto que nesta etapa o alumnado non domina a lectura, consideramos que o noso papel fundamental é a motivación cara a mesma.

A ferramenta máxica é o conto: a través do seu simbolismo, os nenos e nenas atopan un punto intermedio entre o real e o imaxinario.

Hora do conto (hora de ler): é un momento máxico que temos a diario en cada unha das aulas.

“

Aprendemos cos contos”: Consiste en sesións conxuntas de traballo arredor dos contos, de xeito lúdico, pero utilizando ao máximo as súas posibilidades como recurso educativo.

Obxectivos:

- Favorecer a interrelación entre o alumnado das dúas aulas.
- Estimular o interese pola a lectura (sobre todo dende as posibilidades lúdicas que ofrece) e o gusto polos libros.
- Utilizar o conto como recurso didáctico nas distintas dimensións que presenta: comprensión, expresión, memorización, dramatización, etc.

Actividades:

- Reunir os nenos e nenas nun único espazo (aula, biblioteca, patio ...) e “ler” un conto.
- Lectura colectiva do conto.
- Traballar a comprensión do conto e a expresión dende os distintos personaxes, dialogar sobre as ilustracións.
- Colorear a portada e copiar o título.

- Pedir que aporten historias imaxinadas por eles ou recoñecidas noutros contos similares a que estamos a tratar.
- Buscar outro final, cambiar personaxes, ... estimular a creatividade (técnicas Rodari),
- Elaborar unha pequena carpeta cos nosos traballos.
- Elaboración e exposición no corredor dunha portada xigante utilizando distintas técnicas plásticas.
- Cantigas, danzas e xogo dramático.

Criterios para a selección dos contos:

Partimos do ámbito emocional, esencial nesta etapa, procurando sempre que sexan contos atractivos para eles. Buscamos ademáis a novidade e a potenciación do noso idioma así como a variedade de textos e ilustracións.

### **2.1.2.- 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

A lectura está presente en todas as materias da Educación Primaria e especialmente no primeiro curso, no que se inician os alumnos na mesma.

As sesións de lectura non irán orientadas a unha continuación da clase, senón a un goce e disfrute da mesma.

Lectura:

- Lectura do libro de texto.
- Outros textos escritos curtos de tipoloxía diferente.
- Textos en soporte dixital.
- Textos orais complementados e acompañados de imaxes e audios.

### **2.1.3.- 2º EDUCACIÓN PRIMARIA**

#### **1. Aportación ao plan lector.**

##### **1.1. Aportacións xerais ao plan lector do centro.**

- Hora de ler: todos os días se farán 20 minutos de lectura, normalmente despois do recreo. Franse actividades varias. lectura silenciosa, en voz alta, lectura por parellas, libros da biblioteca de aula e do centro, libros da cada alumno, etc.

- Mochilas viaxeiras: o alumnado leva mochilas con material para ler.

- Participación en certames e concursos.

- Uso da biblioteca de aula e de centro.

## **1.2 Aportacións das distintas áreas ao plan lector.**

### **1.2.1 Área de ciencias da natureza.**

A área de ciencias naturais contribue a acadar os obxectivos do plan lector que se establece no centro da seguinte maneira:

- Favorece o placer pola lectura

- Lectura de textos variados e en distintos soportes.

- Fomenta a comprensión lectora con textos relacionados coa ciencia.

- Ampliación do vocabulario nas distintas unidades didácticas.

- Busqueda de información e tratamento da mesma e realización dos proxectos propostos.

- Realización de murais, carteis, entrevistas ,menús, fichas de animais e plantas etc sobre os contidos das unidades didácticas.

- Seguemento de pequenas instrucións para realizar determinadas tarefas.

### **1.2.2. Área de ciencias sociais.**

A área de ciencias sociais contribue a acadar os obxectivos do plan lector que se establece no centro da seguinte maneira:

- Favorecer o placer pola lectura

- Lectura de textos variados e en distintos soportes.

- Fomenta a comprensión lectora con textos relacionados con aspectos da materia.

- Ampliación do vocabulario nas distintas unidades didácticas.

- Busqueda de información e tratamento da mesma e realización dos proxectos propostos.
- Realización de murais, carteis, entrevistas ,menús,fichas de animais e plantas etc sobre os contidos das unidades didácticas
- Seguemento de pequenas instrucións para realizar determinadas tarefas.
- Lectura de mapas, gráficas e outras fontes de información .

### **1.2.3.Área de lingua galega e literatura.**

- Favorecer o placer pola lectura
- Lectura de textos variados e en distintos soportes:narrativos, poemas, decritivos, lendas, comics, revistas, etc
- Fomenta a comprensión lectora con textos de todo tipo dende os narrativos ata poemas ou receitas de cociña
- Ampliación do vocabulario nas distintas unidades didácticas.
- Busqueda de información e tratamento da mesma e realización dos proxectos propostos.
- Realización de murais, carteis, entrevistas ,comics, diálogos , etc
- . Elaboración de poesías e outros textos para as distintas festas.
- Hora de ler:lectura en silencio, lectura en voz alta, lectura por parellas, lectura e exposición das ideas fundamentais do texto.

### **1.2.4 Área de matemáticas.**

Dende a área de matemáticas podemos contribuír ao proxecto lector da seguinte maneira:

- Favorecendo o interés pola lectura.
- Lectura de textos en diferentes soportes e exposición da conclusións.
- Textos relacionados coas matemáticas como os números no corpo humano.



- Na resolución de problemas as capacidades lectoras son importantes e así podemos desenvolver estas habilidades por medio das matemáticas.

- O alumnado terá que explicar razonadamente como realizou ou resolveu un problema ou unha cuestión matemática que desenvolve a expresión e a capacidade de resumo e organización no discurso.

- Visionado de vídeos e lectura de textos sobre cuestións matemáticas.

- Visionado de vídeos e elaboración de conclusións e prestación ao resto da clase.

### **1.2.5. Área de lingua castelá e literatura.**

Dende a área de lingua e literatura castelá podemos favorecer o desenvolvemento do proxecto lector da seguinte maneira:

- Favorecer o placer pola lectura

- Lectura de textos variados e en distintos soportes: narrativos, poemas, decritivos, lendas, comics, revistas, etc

- Fomenta a comprensión lectora con textos de todo tipo dende os narrativos ata poemas ou receitas de cociña

- Ampliación do vocabulario nas distintas unidades didácticas.

- Busqueda de información e tratamento da mesma e realización dos proxectos propostos.

- Realización de murais, carteis, entrevistas ,comics, diálogos , etc

- Traballos nos distintos proxectos.

### **1.2.6. Área de expresión plástica.**

- Favorecer o placer pola lectura

- Lectura de textos variados e en distintos soportes.

- Ampliación do vocabulario nas distintas unidades didácticas.

- Busqueda de información e tratamento da mesma e realización dos proxectos propostos.

- Realización de murais, exposicións.

### 2.1.4.- 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

#### OBXECTIVOS:

- Transmitir aos alumnos/as que a lectura supón, momentos de tranquilidade e divertimento.
- Dar a coñecer e aprender textos de tradición oral: ditos, trabalinguas, et.
- Coñecer autores e que os seus nomes se vaian facendo familiares.
- Coñecer distintos xéneros literarios: cómic, conto, poesía, et.
- Ampliar vocabulario.
- Coñecer, por medio da lectura, outras culturas e maneiras de vivir.
- Ampliar os coñecementos das distintas áreas.

#### METODOLOXÍA

No curso de 3º de Primaria, traballamos esta disciplina en todas as áreas a través das lecturas que introducen as unidades e paralelamente, a comprensión lectora. Na “hora de ler”, á que lle dedicamos 20 minutos diarios, os alumnos/as baixan á biblioteca do centro e cada un deles escolle dous títulos, coa supervisión da mestra, segundo os seus gustos e intereses. Estes libros deposítanos no andel da biblioteca de aula e durante unha tempada (dous meses, máis ou menos) van rotando entre eles. Pasado este tempo, volvemos á biblioteca do centro e cambiámoslos por outros.

#### ACTIVIDADES A REALIZAR NA “HORA DE LER”

- Lectura silenciosa e individual.
- Realización de marcapáxinas para marcar onde quedan e poder seguir ao día seguinte.
- Lectura en alto dalgún conto ou fragmento por parte dun alumno ou alumna ao resto da clase.
- Memorización de poesías que despois recitarán noutros cursos.
- Información sobre palabras descoñecidas que aparecen nos textos.
- Recomendacións, entre eles, dos libros que máis lles gustan.

### 2.1.5.- 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

A biblioteca municipal, a biblioteca do centro e a biblioteca de aula serán un referente importante na realización de actividades. Na biblioteca de aula podemos atopar libros das editoriais Kalandraka, Baula, Bromera, Edelvives, revistas da escola, xornais e recursos plásticos,...

Así, cada día procederase á lectura comprensiva e á expresión oral e escrita de actividades relacionadas coa mesma a lo menos vinte minutos nalgunha das áreas a traballar. Outros espazos que utilizarei normalmente son a biblioteca do centro, na que intentaremos visitar alomenos unha vez á semana e alí comezaremos

facendo relaxación coa lectura e cando se teñan adquirido o hábito do disfrute con esta, seguiremos con outro tipo de actividades como investigación dalgún tema utilizando os medios que a propia biblioteca nos pode proporcionar (enciclopedias, libros específicos, ordenadores...)

### **2.1.6.- 5º EDUCACIÓN PRIMARIA**

A lectura é , sen dúbida, unha destreza básica que se aprende e que os alumnos deben dominar para comprender e interpretar adecuadamente o mundo que os rodea; pero, ademais, conta cun importante componente adictivo que se fomenta ofrecendo una variedade de libros atractivos para o alumnado, que fagan que a lectura sexa en sí gratificante.

Os alumnos de quinto curso de Educación Primaria atópanse no momento de afianzar a competencia comunicativa como ferramenta para todos os demais aprendizaxes e para a interacción en múltiples contextos sociais.

A través da lingua adquiren os distintos coñecementos, elaboran os seus pensamentos e relaciónanse co entorno. Polo tanto a destreza en lectura e en escritura son fundamentais. Neste momento consolídase a súa capacidade para distinguir entre distintos tipos de textos, pero tamén para desenvolver o gusto pola lectura, así como a capacidade de valorar críticamente os libros leídos.

Os alumnos de 5º dispoñen de abundante e variado material de lectura na biblioteca do Centro e, de maneira máis reducida, na biblioteca de aula.

As actividades que se realizan para o desenvolvemento do Plan Lector, son as seguintes:

- Lectura individual en silencio durante vinte minutos todos os días. Os alumnos han de ler, como mínimo, dous libros ao trimestre, aínda que a maioría supera con creces este número.
- Os alumnos escollen los libros que desexan leer. Cuando rematan a lectura fan unha pequena crítica do libro, e, si lles gustou, dan as razón polas que o recomentan ao resto dos seus compañeiros. Esto anima aos menos motivados a dirixirse a unha lectura concreta.
- Cada alumno leva un rexistro das lecturas realizadas nunha tabla.
- Realízanse actividades de comprensión e expresión lectora en todas as clases de lingua.
- A biblioteca pon á disposición dos alumnos unhas “maletas viaxeiras” con contidos variados e adaptados ao seu nivel para estimular a lectura. Así mesmo, relacionadas coas distintas celebracións do ano, propón actividades creativas relacionadas coa lectura.

### 2.1.7.- 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

A lectura estará presente en todas as áreas da Educación Primaria. Por iso, o fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora serán impulsados, non só desde a área de Lingua , senón a través das actividades específicas de todas as áreas. As sesións de lectura non deben orientarse, pois, como unha continuación da clase de Lingua, senón tamén como a posta en práctica das súas ensinanzas e han de servir para avaliar o nivel de comprensión lectora do alumno.

Os propósitos da lectura son moi diversos e están sempre ao servizo das necesidades e intereses do lector. Lese para obter información, para aprender, para comunicarse, para divertirse, para vivir outras realidades. Todas estas finalidades da lectura deberán terse en conta á hora de traballar na aula, e deberán desenvolverse estratexias que lle faciliten ao alumno a súa consecución.

Os obxectivos de que se pretende lograr son os seguintes:

- a) Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- b) Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- c) Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- d) Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- e) Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.
- d) Usar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.

Para tentar acadar estes obxectivos levaranse a cabo as accións seguintes:

- Escoller textos adecuados aos intereses dos alumnos.
- Facer lecturas colectivas que exerciten a velocidade e a entoación.
- Crear unha biblioteca de aula con libros que traten temas relacionados cos nosos proxectos de traballo.
- Visitar a biblioteca do centro.
- Participar nas actividades de animación á lectura propostas polo equipo de biblioteca.

Adicarase o tempo da hora de ler a que o alumno lea na aula lecturas escollidas por el xeralmente, pero tamén lecturas guiadas encamiñadas a ler obras de autores que poden vir ao centro nas actividades organizadas pola biblioteca. Tamén se aproveitará o mes de maio para a lectura de obras do autor homenaxeado nas Letras Galegas, axeitadas ao nivel do alumnado. Cara o mes de xuño a lectura tomará un camiño máis teatral, dado que participaremos na “semana do teatro” organizada todos os anos no centro, e onde o alumnado representará unha obra, aínda por escoller, adaptada á súa idade.

### **2.1.8.-CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA AO DESENVOLVEMENTEO DO PLAN LECTOR EN EDUCACIÓN PRIMARIA.**

A área de Educación Musical contribuirá na adquisición dos obxectivos propostos polo Plan Lector con actividades de interese musical para o alumnado, que conterán lecturas diversas e exercicios de comprensión lectora sobre algún tema relacionado coa música: artigos, documentos gráficos con información sobre compositores, instrumentos, agrupacións musicais, historia, diferentes estilos de música, e, en relación coas TIC, desenvolveranse actividades de comprensión lectora sobre diferentes páxinas web de ámbito musical e traballos colectivos sobre o contido das mesmas.

### **2.1.9.- RELIXIÓN EP.**

#### **Fomento da lectura. Comprensión lectora. Expresión oral e escrita.**

Estratexias para estimular o interese e o hábito da lectura, e para desenvolver a expresión oral e escrita.

#### **Lectura:**

- Lectura do libro de texto.
- Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas,...).
- Textos en apoio dixital (Internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
- Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.

#### **Expresión:**

- Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos ou intervencións: planificación, redacción, revisión.

- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Expresión escrita en apoio papel e en pantalla.

### **2.1.10.- INGLÉS EP**

A lectura é unha ferramenta fundamental do desenvolvemento da personalidade, pero tamén o é de socialización como elemento esencial para convivir en democracia e desenvolverse na sociedade da información. Para iso é preciso que os alumnos adquiran habilidades que lles permitan o seguinte:

- ⇒ Comprensión de textos literarios sinxelos, adaptados á idade e aos intereses dos alumnos (textos narrativos e poéticos).
- ⇒ Introducción ao uso da biblioteca escolar
- ⇒ Participación en representacións, memorización e recitación de poemas, cantar cancións, contar contos, etc.

### **2.1.11.- EDUCACIÓN FÍSICA EP.**

Nalgunhas actividades propias da área de Educación Física o emprego da lectura para levar a cabo as tarefas será fundamental. Existirán tamén determinadas sesións con contidos teóricos traballados por medio de fichas, de lecturas de textos, artigos, ou documentos relacionados coa actividade física, a saúde e o deporte. Ademais, en determinadas Unidades Didácticas haberá actividades nas que terán que ler pequenos fragmentos para poder realizar as tarefas (atopar pistas nalgún xogo, ler explicacións, fichas de traballo de investigación,...)

Tamén hai algunhas unidades didácticas nas que se esixirá a realización de traballos en grupos nos que necesitarán manexar a bibliografía existente no centro ou apuntes da área.

## **2.2.- PLAN LECTOR SECUNDARIA**

### **2.2.1.- DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS**

- Organización polo departamento de matemáticas dun concurso de narracións ou relatos curtos nos que na trama se mesturen aspectos ou personaxes relacionados dalgún xeito co mundo das matemáticas. Nas bases do concurso o departamento poderá deixar aos alumnos a libre elección do tema ou ben propoñerlles un tema común para todas as narracións.
- Presentar en clase novas que aparezan nos xornais ao longo do curso e que teñan que ver coas matemáticas, para lelas e logo comentalas entre todos. Estas novas pode levalas o profesor ou calquera alumno que as vexa nun xornal, fomentando así a lectura de xornais e a análise e reflexión críticas de noticias con contido matemático que aparezan en prensa.
- Como xa se comentou no apartado anterior de integración das TIC, elaboraranse traballos sobre acontecementos e persoas relacionados coas matemáticas ao longo da historia, para o cal terán que buscar e seleccionar información na Internet ou en bibliografía recomendada, fomentando así a capacidade e comprensión lectoras do alumnado.
- Dende o departamento de matemáticas suxerimos a posibilidade de que os departamentos de linguas nas súas listas de libros de lectura obrigada e/ou voluntaria, se inclúan títulos que polo seu contido acheguen as matemáticas e as ciencias en xeral ao alumnado.
- O departamento de matemáticas participará durante o presente curso 2016-17 na actividade de fomento da lectura que organiza a Biblioteca do Centro.

## **2.2.2.- DEPARTAMENTO DE CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL**

No caso da materia de Ciencias aplicadas á actividade profesional o longo do curso, realizarán unha análise crítico de artigos periodísticos nos que se recolle información sobre o cambio climático, desastres naturais, xestión do auga e residuos,.. Estes análises incluírán unha parte de comprensión lectora e outra de valoración do exposto

## **2.2.3.- DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA**

### **2ºESO**

obxectivo de desenvolver o proxecto lector de centro, o departamento de Tecnoloxía desenvolverá actividades de lectura do libro de texto e exercicios, co obxectivo de fomentar a lectura comprensiva e a asimilación do vocabulario técnico asociado a estas materias.

- Fomentará a lectura -tanto na aula como no seu tempo libre- de artigos de divulgación relacionados con obxectos tecnolóxicos, a súa influencia na calidade de vida e consecuencias medioambientais que se derivan do seu uso.

-Fomentará a lectura -no seu tempo libre- de obras de ciencia ficción relacionadas coa tecnoloxía.

### **3º ESO**

Co obxectivo de desenvolver o proxecto lector de centro, o departamento de Tecnoloxía propón as seguintes actividades:

- Desenvolverá nas materias da ESO actividades de lectura do libro de texto e exercicios, co obxectivo de fomentar a lectura comprensiva e a asimilación do vocabulario técnico asociado a esta materias.

- Fomentará a lectura -tanto na aula como no seu tempo libre- de artigos de divulgación relacionados con obxectos tecnolóxicos, a súa influencia na calidade de vida e consecuencias medioambientais que se derivan do seu uso.

-Fomentará a lectura -no seu tempo libre- de obras de ciencia ficción relacionadas coa tecnoloxía.

Algunhas obras recomendadas nos foros tecnolóxicos -e outras internacionalmente coñecidas- son:

*A Illa misteriosa* de Julio Verne

*La invención de Hugo Cabret* (ed. SM): autómatas. (mestura de novela e cómic)

*Historia de un forro polar rojo* (ed. Siruela) plásticos, transportes, consumismo,...Un libro perfecto para



traballos/lecturas interdisciplinares. Pode e debe lerse nas áreas de Sociais, Química, Tecnoloxía...

*El nombre del mundo es bosque* - Ursula K Le Guin Temática (Ecoloxía)

## **4º ESO**

Co obxectivo de desenvolver o proxecto lector de centro, o departamento de Tecnoloxía desenvolverá as seguintes actividades:

- Desenvolverá nas materias da ESO actividades de lectura do libro de texto -especialmente en 2º da ESO- e exercicios, co obxectivo de fomentar a lectura comprensiva e a asimilación do vocabulario técnico asociado a estas materias.

- Fomentará a lectura -tanto na aula como no seu tempo libre- de artigos de divulgación relacionados con obxectos tecnolóxicos, a súa influencia na calidade de vida e consecuencias medioambientais que se derivan do seu uso.

-Fomentará a lectura -no seu tempo libre- de obras de ciencia ficción relacionadas coa tecnoloxía.

Algunhas obras recomendadas nos foros tecnolóxicos -e outras internacionalmente coñecidas- son:

2044 (editorial galaxia) - 4º ESO : para temas de domótica, aspectos sociais da informática e dos avances tecnolóxicos

Yo robot – Isaac Asimov Temática (Leis da robótica)

La ridícula idea de no volver a verte (vida de Marie Curie)

La mejor herramienta del milenio - Witold Rybczynski Temática( historia do parafuso)

Los robots de Leonardo- Mario Taddei Temática ( Estudio de obras de Leonardo)

Inventos de un siglo -Stephen Van Dulken 100 inventos do século XX)

### **2.2.4.- DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA.**

#### **1º ESO**

Propónselle ó alumnado a lectura de cómics que hai na biblioteca. Recolleráselle un resumo do contido dos mesmos, téndoo en conta no apartado actitudinal.

#### **3º ESO**

O mundo e vocabulario artístico son dunha riqueza enorme sendo moi importantes no dominio lingüístico das persoas, tanto é así, que é considerado unha medida da súa cultura.

### 2.2.5.- DEPARTAMENTO DE INGLÉS

O principal obxectivo do Proxecto lector é o fomento da lectura. É este o obxectivo que consideramos máis ambicioso e máis difícil de poñer en marcha porque a realidade nos di que os rapaces cada vez len menos e ven máis televisión, que soamente len por obriga. Aínda con esas dificultades é vital afrontar o reto de promover o intenso pracer da lectura. Se os alumnos collen este hábito nestas idades en que están a forxar as súas personalidades, pensamos que non as deixarán nas súas vidas.

A filosofía do Proxecto Lector defende que a lectura é unha das competencias básicas que contribúen ao desenvolvemento persoal e social do individuo. Este plan nace cos seguintes **obxectivos**:

- Fomentar o hábito lector dende a área de lingua estranxeira en todos os niveis.
- Desenvolver a comprensión lectora do modo máis harmónico e eficaz posible.
- Desenvolver estratexias para ler con fluidez e entoación axeitadas.
- Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade.
- Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.
- Utilizar estratexias de comprensión lectora para obter información.
- Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como medio de gozo e información, ao mesmo tempo que de enriquecemento persoal.
- Utilizar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.
- Ter lido e resumido (de forma oral ou por escrito), ao termo de cada curso, polo menos un libro, así como diferentes tipos de textos de extensión variable, tanto por indicación do profesor como por iniciativa propia.

#### PRINCIPIOS METODOLÓXICOS:

- Utilizaranse libros adaptados, contos curtos ou letras de cancións como o instrumento fundamental para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas.
- Utilizarase a Biblioteca cando sexa posible como centro de recursos e apoio á aprendizaxe.
- Buscaranse e aplicarán estratexias para mellorar tanto a mecánica lectora como a comprensión.
- Consensuaranse algúns aspectos metodolóxicos de maneira que non se produza unha ruptura no proceso de aprendizaxe da lectoescritura.

### 2.2.6.- DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

O feito de incluír a lectura dentro da programación do Departamento de Francés faise coa idea de desenvolver un Plan Individual de Lectura en cada curso de Secundaria no que se imparte esta materia, de

modo que, a través dun asesoramento individualizado do proceso lector, se atenda ao nivel dispar de competencia lectora de cada alumno e alumna e aos seus gustos temáticos.

Así, e no sentido de fomento da lectura, cada trimestre proporase unha lectura fácil e graduada en Francés, segundo o nivel que presente cada alumno e alumna. Deste xeito, cada un deles lerá, alomenos, tres libros ao ano, diferentes aos dos demais. A avaliación desas lecturas levarase a cabo mediante un resumo na súa lingua materna sobre a historia que se conta.

### **2.2.7.- DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

En referencia al anexo V del decreto 133/2007, que trata sobre el Proyecto lector del centro, el Departamento de Lengua castellana acordó dedicar, como ya hacía en cursos anteriores, un tiempo diario a la lectura a lo que seguirá la redacción de un trabajo del texto en cuestión o contestar a unas preguntas sobre el mismo para que el profesor pueda comprobar su comprensión. Muchos de estos textos son los propuestos por el libro de texto.

Las lecturas que se realicen en los sucesivos cursos de la ESO se fijarán en función de los intereses de los alumnos y en relación con los propios contenidos del programa de la materia de Lengua y Literatura.

### **2.2.8.- DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA**

#### **En primeiro:**

Serán de lectura obrigatoria os seguintes títulos:

#### **1ª Avaliación:**

Xabier P. DoCampo: *A illa de todas as illas*. Ed. Xerais

#### **2ª Avaliación:**

Lois Lowry: *Conta as estrelas*. Planeta Oxford

#### **3ª Avaliación:**

M. Lorenzo González: *Irmán do vento*. Ed. Xerais

## **En segundo curso:**

A lectura farase fundamentalmente a través da biblioteca de aula que se organiza do seguinte xeito:

- Haberá dous alumnos/as encargados da biblioteca en períodos quincenais, semanais, mensuais... dependendo do nº de alumnos por aula. Encargaranse de rexistrar e ordenar os libros, vixiar polo seu coidado e anotar os préstamos. Para estas tarefas utilizaranse as horas sen profesor/a (con profesor/a de garda) e ocasionalmente en períodos de tempo dentro das sesións de aulas.
- O rexistro de libros e préstamos quedará na aula recollido nunha carpeta que custodian os encargados. Nesta carpeta haberá un modelo de ficha de control de lectura a disposición do alumnado para deixar constancia das lecturas realizadas. Esta fichas unha vez cubertas volverán á carpeta de biblioteca de aula para que o profesor avalíe as lecturas.
- Con carácter obrigatorio cada alumno/a deberá facer unha lectura por trimestre, o título será da súa elección. Voluntariamente poderá facer máis lecturas que se valorarán na cualificación final a razón de 0,5 puntos cada unha até un máximo de 1,5 puntos.
- Para dar cumprimento a este plan de lectura a biblioteca de aula é un dos recursos, poderán, por suposto, utilizar a biblioteca do centro, libros que teñan na casa etc. En calquera caso deberán deixar constancia das lecturas realizadas nas fichas de control da carpeta da biblioteca de aula.
- As fichas de control de lectura serán retiradas da carpeta para a súa valoración o mesmo día que se realice o último control do trimestre ou na data que o profesor e alumnado determinen. Non se admitirá ningunha ficha fóra de prazo (agás causa moi xustificada)

En terceiro e cuarto de ESO:

1. Os alumnos e alumnas deberán escoller de entre as seguintes propostas a lectura dun libro por trimestre con carácter obrigatorio e que formará parte da materia de exame dese trimestre.

## **En terceiro curso:**

1ª AVALIACIÓN:

- SUSO DE TORO: Conta saldada.
- AVI. As confesións de Carlota Doyle.

2ª AVALIACIÓN:

- MANUEL DE PEDROLO: Mecanoscrito da segunda orixe.
- MARTÍNEZ OCA: Un ano e un día.

- RIVAS MERCÉ: Nassima á sombra dos talibán.

### 3ª AVALIACIÓN:

- GONZALO MOURE: O bocexo do puma.
- XABIER P. DOCAMPO: Cando petan na porta pola noite.

Neste curso propóñense obras de literatura xuvenil actual con temáticas variadas que teñen en conta os intereses do alumnado e/ou que presentan algún valor educativo (educación en valores: tolerancia, non discriminación, igualdade entre homes e mulleres, multiculturalidade...) Tamén se combinan obras de autores/as galegos con traducións.

### En cuarto curso:

#### 1ª AVALIACIÓN:

- A.D. RODRIGUEZ CASTELAO: Cousas / Retrincos.
- “ “ “ : Os dous de sempre.

#### 2ª AVALIACIÓN:

- E. BLANCO AMOR: Os biosbardos.
- A. CUNQUEIRO. Os outros feirantes.
- RAFAEL DIESTE: Dos arquivos do trasno.

#### 3ª AVALIACIÓN:

- MANUEL RIVAS. Que me queres amor?
- SUSO DE TORO: A sombra cazadora.
- GONZALO NAVAZA. Erros e tánatos.

Para este curso, final de etapa, propóñense lecturas relacionadas co currículo deste ano. Son obras dos autores estudados o que permite unha aproximación e mellor coñecemento da súa obra.

2. Esta proposta complétase coa lectura voluntaria de libros escollidos libremente polos alumnos/as. Estas lecturas recóllense, coa valoración persoal de cada lector/a, en carteis que se expoñen na aula e que serven de orientación para a escolla de próximas lecturas. O profesor tamén os pode aconsellar se o precisaren.

As lecturas voluntarias serán valoradas na avaliación do curso do xeito que se explica no apartado de avaliación.

3. Ademais desta proposta de traballo da lectura, na aula faranse, de xeito sistemático, lecturas de poemas, relatos e todo tipo de textos relacionados cos contidos curriculares. De acordo coas orientacións do Decreto 133 do currículo de ESO.

## SEGUNDA LÍNGUA ESTRANGEIRA: PORTUGÊS.

A lectura traballarase de forma colectiva na aula cos materias de lectura expostos máis arriba. Procurarase a dotación de lecturas en portugués para a biblioteca do centro.

### 2.2.9.- DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

O feito de incluír a lectura dentro da programación do Departamento de Física e Química faise coa idea de desenvolver un Plan Individual de Lectura en cada curso de Secundaria no que se imparte esta materia, de modo que, a través dun asesoramento individualizado do proceso lector, se atenda ao nivel dispar de competencia lectora de cada alumno e alumna e aos seus gustos temáticos.

Así, e no sentido de fomento da lectura, cada trimestre proporase unha lectura fácil e graduada en Ciencia, segundo o nivel que presente cada alumno e alumna. Deste xeito, cada un deles lerá, alomenos, tres libros ao ano. A avaliación desas lecturas levarase a cabo mediante un resumo na súa lingua materna sobre a historia que se conta.

- ✓ Visitas a sitios web oficiais da Igrexa (Santa Sé, Arquidiocese, Conferencia Episcopal), a páxinas de contido bíblico ou relacionadas co voluntariado e o labor social da Igrexa.
- ✓ En relación cun dos obxectivos da programación, coñecer a través da Rede a achega da Igrexa á nosa cultura e patrimonio artístico para o que Internet móstrase como un instrumento valioso nun campo que por excelencia é o da imaxe.
- ✓ Consultas e visitas a portais católicos tanto polo seu contido conceptual como pola posibilidade de coñecer foros de opinión, blogs e outros campos de comunicación e expresión católicos.

### **3.2.12.- DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA**

Neste apartado, o alumnado traballará neste campo:

. Utilizando a aula de informática, para entrar en diferentes páxinas web, sempre relacionadas coa materia:

-Mapas: <http://www.xtec.es/~ealonso/flash/mapasflash.htm>

-Clima: [http:// climatic.educaplus.org](http://climatic.educaplus.org)

-Programa de Nacións unidas para o desenvolvemento: [www.undp.org/spanish](http://www.undp.org/spanish)

-Claseshistoria.com/general/ejercicios.htm

-clio.rediris.es/actividades/trivial3/trivial3.htm

-clio.rediris.es/actividades/trivial/ind-cues.htm

. Proxección de documentais e filmes relacionados coa materia.

. Exposición de presentacións dixitais na aula.

### **3.2.13.- DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA**

Contribuiremos a desenvolver este plan fomentando o uso de ordenadores, de internet, e máis contretamente, coa creación dun blog de educación física, no que incluiremos traballos feitos ó longo do curso, como por exemplo, unha recompilación de xogos tradicionais da nosa comunidade. Ademais na exposición de noticias deportivas da prensa, aconsellaráselles a lectura en formato dixital.

### **3.2.14.- DEPARTAMENTO DE MÚSICA**

Desde o departamento de música preténdese a través das tic a procura dos seguintes obxectivos:

- Integrar as TIC na aula como unha importante ferramenta educativa.
- Utilizar as TIC como medio de perfeccionar a actividade na aula a través da súa utilización e de aproveitar a información que delas poida sacar e para a mellora do proceso ensinanza-aprendizaxe da materia de música.
- Empregar os ordenadores para o traballo cotián e as actividades do aula: actividades, controis, fichas, circulares, traballos de presentación en power point...
- Saber consultar información a través do ordenador a través das Eduwikis, Webquests, Edublogs tanto para o profesor como para o alumno/a.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades, e/ou participar en foros de debates, chats, a través de internet...

- Fomentar o uso do ordenador como un recurso que favoreza a adquisición de coñecementos, destrezas e habilidades.
- Impulsar o traballo en equipo desenvolvendo actitudes de colaboración, interacción, responsabilidade..

## ANEXO IV

### D.79/2010 DE PLURILINGÜISMO

O Proxecto Lingüístico de Centro, atópase en vigor, sendo aprobado en Claustro o 3 de decembro de 2015 e en Consello Escolar o 7 de decembro de 2015.

Confórmase, segundo o artigo 15 do D.79/2010, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega para o presente curso cos seguintes membros:

- M<sup>a</sup> Rosario López Barreiro (Coordinadora) (EI)
- M<sup>a</sup> José Quindimil Suárez (EP)
- Alfonso de la Santísima Trinidad Gómez (ESO)
- Iria Bodelo Grobas (alumna de 3º ESO)
- Carla Torreiro Carro (alumna de 2º ESO)
- Uxía Dono García (alumna de 2º ESO)

### ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

1. Tal como establece o Decreto 79/2010, feita a pregunta ás familias do alumnado para determinar a lingua materna predominante, o resultado foi 100% galego.  
Con respecto ás actividades e estratexias de aprendizaxe para o coñecemento oral e escrito das linguas oficiais, serán as establecidas nos currículos das correspondentes áreas de cada ciclo e nivel.
2. Modificacións na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s).  
Durante este curso 2016/17 non contaremos con sección bilingüe.
3. Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados no curso anterior e información do que se vai desenvolver neste curso

Entre as actividades levadas a cabo no curso anterior destacamos:

- **“Na Escola”**, xornal anual que elaboramos para conmemorar a Semana da Prensa.
- **Participación en concursos e certames** organizados por diferentes entidades. Temos que salientar o II Certame de recitado poético *Rosalía sempre viva*, organizado pola Fundación Manuel M<sup>a</sup> de estudos galegos, no que o alumnado de 2º curso de Primaria acadou de novo o 1º Premio. Tamén foron premiadas varias alumnas no certame de Pardiñas.
- **Lembranza de D. Xosé Neira Vilas**: ante a nova do pasamento dun autor tan importante na nosa cultura, fixemos un traballo conxunto para honrar a súa memoria.
- **Letras Galegas**: ademáis de repartir e procurar materiais de traballo sobre o autor homenaxeado este ano, D. Manuel María Fernández Teixeiro, realizamos outras actividades.
- **Exposición biobibliográfica** do autor chairego, cedida ao centro pola fundación que leva o seu nome durante a primeira quincena de abril.
- *As nosas letras, a nosa voz*: Participaron as escolas infantís de Olas e Visantofña e contamos coa actuación de Mini e Mero. Ademáis, organizamos un pequeno festival de recitado de versos de Manuel María a cargo do alumnado dos distintos niveis educativos do noso centro e das escolas unitarias do concello.
- **X Semana de Teatro**  
Como ven sendo habitual nos últimos anos, celebramos a nosa Semana de Teatro.  
Este ano quixemos lembrar de xeito especial a Neira Vilas e a Manuel María, por iso, entre as obras postas en escea figuran *A marela tarabela* e *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*.

## Proposta de actividades para o curso 2016/17

### 1.- Actividades de continuidade

- “**Na Escola**”, xornal anual. que elaboramos para conmemorar a Semana da Prensa.
- **Participación en concursos e certames.**
- **Letras Galegas:** o autor homenaxeado este ano é Carlos Casares. As propostas vanse centrar en difundir a súa obra.
- **XI Semana de Teatro**

### 2.- Outras propostas

- Proponer o venres 13 de maio para as actividades conxuntas das Letras Galegas.
- Demostracións de traballos artesanais con veciños do concello (cesteiros, zoqueiros).
- ✚ Posibilidade de contar con algunha exposición de literatura galega infantil e xuvenil ou de ilustradores galegos. (GALIX)
- ✚ Certame de recitado poético na semana das Letras Galegas, similar ao que levamos a cabo o pasado curso, aberto a todos os niveis educativos.
- ✚ Traballos de coñecemento da contorna: xeografía e historia da zona, lugares de interese, mapas das parroquias, toponimia, etnografía, etc.
- ✚ Elaboración de pequenas unidades didácticas sobre mulleres e homes galegos destacados en diferentes ámbitos da cultura (ciencia, música, cine, teatro, moda, ensino, etc.), e sobre tradicións e costumes de Galicia.
- ✚ Actividades para conmemorar as Letras Galegas en colaboración co concello e o equipo de biblioteca do centro (actuacións musicais, títeres, contacontos, ...)
- Ampliación dos fondos bibliográficos do centro no que se refire á nosa lingua (material audiovisual, revistas, cómics )
- Potenciar o uso do galego nas novas tecnoloxías (móviles, tablets, ...).

*Participaremos tamén noutras actividades en función das convocatorias que vaian saíndo, sempre que as consideremos axeitadas para o noso alumnado.*



## **ANEXO V**

### **PLAN PROXECTA**

O centro continúa co PLAN PROXECTA de Froita na Escola, no que se reparte no horario de recreos froita ao alumnado.

## **ANEXO VI**

### **PLAN DE ORIENTACIÓN**

CURSO 2016 - 17

C.P.I. de XANCEDA - MESÍA

## PLAN DE ORIENTACIÓN

1.INTRODUCCIÓN.....	3
1.1.Estrutura.....	3
1.2.Análise do contexto.....	3
1.3.Obxectivos.....	4
<b>2.PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.....</b>	<b>6</b>
3.ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.....	10
4.CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	10
5.CONCRECIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	11

5.1.Alumnado e profesorado.....	11
5.2.Determinación dos obxectivos.....	12
5.3.Actuacións e medidas para a atención á diversidade.....	13
5.4.Criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas.....	14
5.5.Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así coma con outras etapas educativas e cos centros adscritos.....	18
5.6.Canles de colaboración coas nais, pais, ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.....	19
5.7.Proceso de avaliación.....	19

## 1.INTRODUCCIÓN

### 1.1.Estructura

Corresponde á contemplada no Decreto 7/1999, do 7 de Xaneiro, polo que se implantan e regulan os C.P.I.

- Xefa do Departamento: Lucinda Fernández González
- Membros:
  - Coordinadora de E.Infantil: Celia Taín Rilo.
  - Profesor de P.T. Primaria: M<sup>a</sup> Isabel Mourelle Mato.
  - Tutores de Educación Primaria:
    - + 1º curso: María José Quindimil Suárez.
    - + 2º curso: José Francisco López Varela.
    - + 3º curso: Loreto Reviejo Ares.
    - + 4º curso: Mónica Gil Suárez.
    - + 5º curso: Josefa Amadora Blanco Álvarez.
    - + 6º curso: María Sanjurjo Moar.
  - Profesora de P.T. Secundaria: M<sup>a</sup> Pilar Vilas Blanco
  - Profesores de Secundaria por ámbitos:
    - +Ámbito lingüístico: Cristian Iglesias Lorenzo
    - +Ámbito científico: Roberto Prado Espiñeira
- Centros adscritos:

EEI VISANTOÑA: Mirella Cajaradille Dapena

EEI OLAS: M<sup>a</sup> de las Mercedes Monteserín Gallego.

## **1.2. Análise do contexto**

O plano de orientación é elaborado para este curso dende o Departamento de Orientación do C.P.I. “XANCEDA” cos Centros adscritos: EEI OLAS e EEI VISANTOÑA.

O C.P.I. “Xanceda” é un centro que se atopa situado no entorno rural, da zona montañosa da provincia de A Coruña, sendo a súa base económica eminentemente labrega e gandeira completada na actualidade en moitos casos con traballo externo. Tamén conta con industria relativa á cerámica.

No plano socio-cultural indicar que a meirande parte da poboación emprega como lingua de comunicación o galego. É unha zona con poucas infraestruturas e escasas iniciativas sociais e culturais. Estamos a falar dunha poboación moi dispersa o que leva ao illamento, a dificultades de transporte, de realización de actividades extraescolares, en definitiva, a unha maior dificultade de socialización.

No CPI “Xanceda” contamos con 24 alumnos/as de E. Infantil, 78 alumnos/as de E. Primaria e 68 alumnos/as de E. Secundaria.

Os centros incompletos adscritos están enmarcados nun entorno similar ao centro de Xanceda, pero con limitados recursos. A EEI “Visantofña” con 18 alumnos/as e a EEI de “Olas” con 8.

Este curso contamos cunha mestra de PT definitiva para Educación Secundaria e cunha mestra de PT provisional para Educación Primaria .

Non contamos con profesorado especialista de Audición e Linguaxe a pesar de que xa dende varios cursos atrás viuse a necesidade de contar con profesorado de AL a tempo completo para este centro e os adscritos, polo que continuamos sen poder cubrir a demanda existente deste servizo.

Preténdese integrar o funcionamento do Departamento dentro da vida do CPI Xanceda e dos centros adscritos e que sirva de soporte e asesoramento ao profesorado, equipo directivo, alumnos e familias.

### **1.3.Obxectivos**

En función das necesidades e recursos educativos ,as funcións do Departamento de Orientación recollidas no Decreto 120/1998 e na Orde do 24 de Xullo que o desenvolve, así como no Decreto 7/1999, do 7 de Xaneiro, polo que se implantan e regulan os C.P.I., e tendo en conta a Circular 8/2009 e 9/1999 pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria e o Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a actuación do Departamento seguirá as seguintes liñas de actuación prioritarias:

- A atención á diversidade, especialmente no que se refire a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
  
- A convivencia no marco da formación de cidadáns responsables, autónomos e participativos.
  
- A motivación pola aprendizaxe e a valoración do esforzo.

- O asesoramento e a orientación profesional na formación ao longo da vida.

- A participación e implicación das familias.

Liñas principais que se materializan nos seguintes obxectivos xerais:

- Diseñar as medidas de atención ás necesidades educativas especiais fomentando a coordinación entre profesorado tutor, equipo docente, profesorado e profesorado de PT, familias, así como de outros especialistas que estean a colaborar no caso como educadora familiar, logopeda, servizos médicos e de psiquiatría e asociacións ou contar coa colaboración dos equipos de orientación específicos. Partir dunha avaliación inicial nos alumnos que comezan a súa escolarización, e realizar as avaliacións psicopedagóxicas pertinentes.
- Asesorar sobre as medidas de atención a diversidade que se precisen.
- Potenciar a acción tutorial con medidas que incidan na aprendizaxe de valores potenciadores dun clima de convivencia e respecto.
- Promover actividades encamiñadas á coordinación familia-escola.
- Colaborar en accións encamiñadas a afianzar hábitos de estudo e a valoración do esforzo e potenciación das áreas instrumentais.
- Participar no desenvolvemento de accións de orientación profesional facilitando a transición ao mundo laboral, informando sobre itinerarios



formativo-profesionais mediante o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación.

- Realizar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento persoal e social ou de aprendizaxe dos alumnos/as de E.I. e E.P.
- Potenciar a coordinación entre os centros adscritos.
- Participar e potenciar a posta en práctica o programa básico de habilidades sociais.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.

### **Actividades Complementarias e Programas a desenvolver este curso:**

- ◆ Programa de identificación da violencia de xénero.
- ◆ Programa de prevención de drogodependencias.
- ◆ Obradoiro de empatía.
- ◆ Obradoiro de autocontrol e búsqueda de sensacións.
- ◆ Plan Director a cargo da Garda Civil.
- ◆ Programa Kforce, prevención conductas infractoras nos adolescentes.
- ◆ Programa Igualar da Mancomunidade de Ordes.
- ◆ Programa “Suprime o control” da Deputación de Coruña.
- ◆ Programa de Orientación Académica-Profesional en Educación Secundaria, facendo uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- ◆ Xornadas de sensibilización sobre a prevención das alteracións alimentarias.

- ◆ Desenvolvemento do Programa de Habilidades Sociais.
- ◆ Xornadas de prevención de accidentes e sensibilización de condutas de risco.
- ◆ Xornadas de sensibilización para a doazón de órganos.

## 2. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

### **ACCIÓNS A REALIZAR EN DISTINTOS NIVEIS DENTRO DOS TRES ÁMBITOS DE ACTUACIÓN:**

- 1) Programa de apoio ao proceso de ensino - aprendizaxe
- 2) Plan de acción tutorial
- 3) Plan de orientación académica e profesional

#### 1) PROGRAMA DE APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

Tarefas a realizar :

CENTRO	- participar nos proxectos educativo e curricular do centro, especialmente no establecemento de criterios de carácter organizativo e pedagógico do alumnado con NEAE e no
--------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

	<p>desenvolvemento do plan de atención á diversidade</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- colaborar no fomento da valoración do esforzo e traballo e potenciación das áreas instrumentais</li> <li>- coordinarse coa xefatura de estudos tanto de primaria como de secundaria</li> </ul>
PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- asesorar sobre criterios metodolóxicos que poidan previr dificultades de aprendizaxe, asesorar sobre posibles reforzos educativos e A.C., así como procedementos de seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe</li> <li>- fomenta-la colaboración entre titores/as-equipo docente e participar nas sesións de avaliación para promover a elaboración de respostas educativas coherentes</li> <li>- coordinar medidas de atención aos alumnos con n.e.a.e. co profesorado de P.T.</li> <li>- colaborar co profesorado no afianzamento de hábitos de estudo e traballo que favorezan a aprendizaxe autónoma e o sentido de traballo en equipo</li> <li>- colaborar co profesorado tutor na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización</li> </ul>
ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- medidas preventivas de problemas de desenvolvemento ou aprendizaxe dos alumnos/as</li> <li>- medidas de apoio ordinarias para dar resposta aos problemas de aprendizaxe dentro do currículo ordinario: metodoloxía, reforzo, seguimento</li> <li>- medidas de carácter extraordinario: avaliacións psico-</li> </ul>

	pedagógicas, elaboración de informes e colaboración no deseño, seguimento e avaliación das A.C.
FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- fomentar a implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos/as mediante os apoios e asesoramento necesarios e mediante a programación de reunións, especialmente nos momentos de toma de decisións importantes</li> <li>- asesorar sobre servizos externos que poderían colaborar en casos especiais</li> </ul>

## 2) PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Tarefas a realizar:

CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- seguir o Plan de Acción Titorial con cada grupo de alumnos</li> <li>- incidir dentro do PAT en accións que incidan na aprendizaxe de valores que fomenten a convivencia</li> </ul>
PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- facilitar o coñecemento e seguimento dos alumnos/as con instrumentos como baterías de tests, guías e escalas de observación</li> <li>- reunións periódicas cos titores (por niveis) para coordinar o labor titorial</li> <li>- asesorar e participar nas sesións de avaliación</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- elaborar e distribuír aos titores material a empregar nas sesións de tutoría</li> <li>- reunións periódicas cos titores/as e a xefa de estudos</li> </ul>
ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- promover estratexias de integración de todos os alumnos/as no seu propio grupo clase e no conxunto da dinámica escolar, así como animalos a participar na vida do centro potenciando o clima de convivencia</li> <li>- atención individual aos alumnos que o precisen</li> </ul>
FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- programar e realizar reunións cos pais</li> </ul>

### 3) PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL

Tarefas a realizar:

CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- coordinar actividades extraescolares e organizar charlas que faciliten información sobre as distintas saídas ben académicas ou profesionais</li> <li>- participar na recollida e actualización de datos referidos aos servizos de información e orientación profesional</li> <li>- participar no desenvolvemento das accións de orientación profesional establecidas dentro do Plan Galego de Formación</li> </ul>
--------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

	<p>Profesional</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- empregar as tecnoloxías da información e a comunicación no campo da orientación</li> </ul>
PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- incluír a orientación académico-profesional durante o primeiro, segundo e terceiro trimestre dentro da acción tutorial traballando aspectos tanto da aprendizaxe da toma de decisións como de información relativa ás distintas saídas ben académicas ou profesionais</li> <li>- orientar para que o profesorado contemple a dimensión práctica das áreas e a súa posible relación cun futuro profesional</li> </ul>
ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- axuda na toma de decisións sobre as opcións que se lle presenten</li> <li>- colaborar cos titores/as no desenvolvemento harmónico da súa personalidade, facilitando o coñecemento de si mesmo e fomentando a súa autoestima</li> <li>- realizar a orientación persoal: informando sobre as distintas opcións educativas e laborais, asesorando sobre as optativas</li> <li>- facilitar ao alumado a transición ao mundo laboral, con especial atención ao alumnado con n.e.a.e.</li> <li>- organizar a asistencia a xornadas informativas sobre itinerarios formativo-profesionais e visitas a centros educativos</li> </ul>
FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- orientar académicamente e profesionalmente ás familias, especialmente ás dos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo</li> <li>- asesorar a toda a comunidade educativa sobre as posibilidades</li> </ul>

	que ofrece o sistema formativo, facilitando a madurez vocacional e a toma de decisións do alumnado
--	----------------------------------------------------------------------------------------------------

### Organización das actividades do departamento

	<b>TAREFAS</b>	<b>TEMPOR.</b>
CENTROS ADSCRITOS	- coordinar cos centros adscritos a fin de establecer liñas xerais de actuación,	todo o curso
	- compartir materiais e recursos.	todo o curso
	- atender ás n.e a. e. dos centros adscritos.	todo o curso
	- convocar as reunións do D.O. cos centros adscritos	mensual
	- colaborar na acollida para os alumnos procedentes de centros adscritos que se incorporan	1º trimestre e 3º trimestre curso anterior
CENTRO	- asistir ás reunións da <b>C.C.P.</b>	todo o curso
	- asistir ós <b>claustrós</b>	todo o curso

	- establecer liñas de coordinación cos <b>xefes de estudos</b>	todo o curso
	- colaborar co departamento de actividades complementarias e extraescolares	todo o curso
	- solicitar a colaboración dos equipos de orientación específicos cando cumpra	todo o curso
	<b>Respecto ao Departamento de Orientación:</b>  + organizar o espazo para o Departamento de Orientación e a adquisición ou petición de material e de equipamento específico velando polo seu uso correcto e conservación  + convocar e presidir as reunións do D.O.  + redactar o plan de actividades do departamento e velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso  + facilitar a colaboración entre os membros do D.O.	todo o curso
PROFESORADO	- organizar reunións cos titores para traballar no P.A.T. e P.O.A.P.	todo o curso
	- buscar e elaborar material para distribuírlo ó profesorado relativo ao P.A.T. e o P.O.A.P. e a programas concretos a funcionar este curso	todo o curso
	- organizar reunións coas profesoras de P.T.	todo o curso
	- realizar reunións co profesorado de alumnos con NEAE	todo o curso
	- colaborar na atención ás n.e.e.	todo o curso



	- preparar e organizar reunións co profesorado implicado nos cambios de ciclo ou etapas, fundamentalmente na ESO.	1º trimestre.
	- realizar entrevistas / charlas individuais a alumnos que así o precisen	todo o curso
	- realizar avaliacións e informes psicopedagóxicos cando se precise	todo o curso
	- deseñar medidas preventivas de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe	1º trimestre
	- deseñar accións encamiñadas a facilitarlle ao alumnado apoio e asesoramento cando o precise	todo o curso
FAMILIAS	- convocar reunión coas familias de 4º de ESO a fin de informalas sobre as saídas académico-laborais.	3º trimestre
	- realizar entrevistas /charlas individuais cando así se precise	todo o curso
	- establecer un horario de atención ás familias	todo o curso
SERVIZOS EXTERNOS	- solicitar colaboración do equipos de orientación específicos e colaborar con eles en medidas de carácter preventivo e compensador das n.e.a.e.	todo o curso
	- colaborar coa Educadora Familiar dos concellos.	todo o curso
	- coordinación cos servizos médicos: pediatra, psiquiatría infantil, rehabilitación . e outros que se precisen	todo o curso

### **3. ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN**

A intervención centrarase en torno a varios bloques:

#### 1. Constitución do Departamento de Orientación.

Establécense as reunións pertinentes cos membros do departamento de Orientación do centro.

#### 2. Busca e elaboración de material formativo para o profesorado.

Busca e elaboración de materiais de tutoría axeitados aos alumnos/as e titores/as, materiais relativos á atención á diversidade (reforzo educativo, adaptación curricular), programas a aplicar referentes a prevención, a habilidades de vida, saúde, técnicas de traballo intelectual, etc., así como calquera outro tipo de material que os profesores soliciten ó Departamento.

#### 3. Planificación e programación das distintas actividades de tutoría.

Programación das sesións de tutoría e elaboración de materiais axeitados nas reunións de coordinación entre os titores de cada nivel coa orientadora para planificar as actividades.

Colaboración cos titores na revisión da documentación dos alumnos con informe psicopedagóxico.

Contactos dos titores co equipo docente do seu grupo de alumnos.

#### 4. Seguimento do Plan de Orientación Académico-Profesional.

#### 5. Avaliación sociopsicopedagóxica.

Realizarase en dúas liñas: estudo de casos xa valorados, para proceder ás modificacións que foran oportunas e de determinación das necesidades do novo alumnado; ou daquel que careza de avaliación psicopedagóxica.

#### 6. Asesoramento á CCP segundo se recolle na lexislación vixente.

#### 7. Atención a alumnos con n.e.a.e..

Coordinación coa profesoras de PT e co profesorado implicado.

#### 8. Seguimento e avaliación

Con tal fin programaranse as reunións, tanto ordinarias, como extraordinarias, que permitan a realización das modificacións que sexan necesarias.

Se pretende que o Departamento estea a funcionar dun xeito colaborativo e interdisciplinar con todos os implicados en cada caso: profesorado, familia, servizos sociais, servizos médicos, asociacións, etc.

### **4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

O proceso de avaliación será global e continuo.

Utilizaranse como criterios de avaliación deste plan de orientación os seguintes:

- Resolución satisfactoria das necesidades detectadas

- Grao de utilidade do material empregado
- Adecuación das técnicas, instrumentos e materiais utilizados
- Nivel de cumprimento dos obxectivos previstos
- Nivel de cumprimento das actividades propostas
- Nivel e grao de coordinación acadado
- Grao de implicación de todos os responsables no desenvolvemento de programas ou medidas de atención á diversidade
- Grao de implicación das familias nas actividades propostas
- Grao de coordinación acadado cos centros adscritos
- Grao de coordinación con outros servizos: Educadora Familiar, Pediatra, Servizo de Psiquiatría Infantil, etc.

Para todo isto levaranse a cabo:

- Reunións do D.O.
- Reunións co profesorado (a nivel individual e grupal)
- Reunións con xefaturas de estudos

## **5.CONCRECIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

### **5.1.Alumnado e profesorado.**

É un centro de 12 unidades que corresponden a:

- 2 unidades de Educación Infantil.
- 6 unidades de Educación Primaria.
- 4 unidades de Educación Secundaria.

Nel, están catalogados os seguintes postos de traballo:

- 2 especialistas de Educación Infantil.
- 1 especialista de Pedagogía Terapéutica de Primaria.
- 1 especialista de Educación Física de Primaria.
- 1 especialista de Educación Musical de Primaria.
- 1 especialista de Inglés de Primaria.
- 1 especialista de Francés de Primaria.
- 5 profesores/as de Primaria.
- 1 profesor de Religión de Primaria .
- 1 especialistas de Inglés de Secundaria.
- 1 especialistas de Matemáticas de Secundaria.
- 1 especialistas de Ciencias Sociais de Secundaria.
- 2 especialistas de Lingua Galega de Secundaria.
- 1 especialista de matemáticas de 1º Ciclo de Secundaria.
- 1 especialista de Física e Química de Secundaria.
- 2 especialistas de Lingua Castelá de Secundaria.
- 1 especialista en Educación Musical de Secundaria.
- 1 especialista en Educación Física de Secundaria.
- 1 especialista en Tecnoloxía.
- 1 especialista en Pedagogía Terapéutica de Secundaria.
- 1 Orientador/a.

Ao noso Departamento pertencen tamén as escolas unitarias de:

- EEI de Olas, que conta cunha mestra directora e agrupa ao alumnado:
  - E.I.--- 3 anos: 3
  - 4 anos: 2
  - 5 anos: 1
  - E.P.--- 1º curso: 2

- EEI de Visantóna, que conta cunha mestra directora e unha xeneralista e agrupa ao alumnado:

E.I.--- 3 anos: 3

4 anos: 4

5 anos: 2

E.P.--- 1º curso: 4

2º curso: 5

## **5.2.Determinación dos obxectivos.**

Os obxectivos que se pretenden acadar son:

- ✓ Procurar que todo o alumnado adquira as competencias básicas no maior grado que sexa posible.
- ✓ Favorecer a equidade na educación, mellorando a inclusión e a normalización na resposta educativa ao alumnado en situación de desvantaxe.
- ✓ Garantir a actuación coordinada de todo o Equipo Docente.
- ✓ Organizar e optimizar os recursos do centro.
- ✓ Desenvolver as medidas de atención á diversidade previstas na lexislación vixente.
- ✓ Diseñar respostas educativas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Asesorar e ofrecer recursos ao profesorado.
- ✓ Coordinar cos Servizos Sociais do Concello.
- ✓ Buscar colaboración e asesoramento doutros servizos externos: EOE, SAT, Saúde Mental...

### **5.3.Actuacións e medidas para a atención á diversidade.**

#### 5.3.1.- Medidas Ordinarias.

Son as actuacións que "faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas".

As medidas ordinarias contempladas este curso son as seguintes:

- 1) Adecuación da estrutura organizativa do centro:
  - Horarios.
  - Desdobres.
  - Espazos.
- 2) Adecuación das programacións didácticas ao entorno e ao alumnado.
- 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos:
  - Tutoría entre iguais.
  - Traballo en grupos.
- 4) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- 5) Aulas de atención educativa e convivencia destinada a mellorar a convivencia.
- 6) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- 7) Programas específicos personalizados.

### 5.3.2.-Medidas extraordinarias.

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

As contempladas son:

- 1) Adaptacións curriculares. Este curso elaboraránse dúas adaptacións curriculares para dous nenos de 2º de Educación Primaria; e pendentos da avaliación inicial, posiblemente outra para un neno de 5º de Educación Primaria e outra para un alumno de 3º de ESO.
- 2) Apoio do profesorado especialista en P.T.

### **5.4.Criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas.**

#### 5.4.1.Recursos.

Dúas mestras de PT :

- Mª Isabel Mourelle Mato, PT de Primaria. Mestra con destino provisional.
- Mª del Pilar Vilas Blanco, PT de Secundaria. Mestra con destino definitivo.



#### 5.4.2.-Organización dos apoios.

- a) Tendo en conta estes recursos, cada curso escolar vémonos na obriga de priorizar unhas actuacións sobre outras.
- b) O criterio xeral adoptado é proporcionar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos de cada etapa educativa.
- c) As demandas ao Departamento de Orientación faranse unha vez esgotadas as medidas levadas a cabo polo titor/a na aula: cambios metodolóxicos, na distribución da clase, axuda entre iguais, atención e explicacións individualizadas, prioridade de obxectivos, ...
- d) No Departamento de Orientación, determinarase a prioridade das demandas en función das características de cada caso.
- e) Os apoios atenderán principalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Lingua e Matemáticas.
- f) Os apoios impartiranse preferentemente na aula.
- g) Poderanse agrupar alumnos e alumnas que presenten dificultades similares na aula de apoio e así xestionar o recurso do especialista en P.T.
- h) Segundo a lexislación vixente, no caso de que os apoios sexan fóra da aula, non excederán no tempo á terceira parte da xornada lectiva.
- i) Levarase a cabo unha avaliación continua do progreso do alumnado e das medidas propostas, introducindo as medidas correctoras oportunas sempre que o progreso non sexa positivo.
- j) A organización da atención será aberta a cambios, flexible e suxeita a modificación ao longo de curso, preferiblemente nas xuntas de avaliación.
- k) Será importante poder establecer unha boa coordinación entre todos os profesionais implicados na intervención.

#### 5.4.3.-Priorización das intervencións.

Sempre que non se poidan atender todas as demandas derivadas ao Departamento a priorización rexeráse por:

- a) Casos de maior gravidade: alumnado con NEAE de carácter permanente derivadas de deficiencias psíquicas ou sensoriais ou problemas graves de personalidade.
- b) Alumnado que presente un desfase curricular significativo e teña unha Adaptación Curricular. Será atendido pola especialista en PT dentro ou fora da aula.
- c) Alumnado que presente un desfase curricular e que cos cambios levados a cabo polo titor/a non vai lograr progresar adecuadamente.
- d) Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, priorizando os cursos máis baixos.
- e) Alumnado que repite curso.
- f) En E.I. apoiaranse os casos moi significativos con síndromes diagnosticadas.

#### 5.4.4.-Modalidade dos apoios.

- Do profesor/a titor/a ou doutros profesores. Estará destinado ao alumnado que pode seguir o currículo ordinario do curso, pero necesita, para logralo, unha atención máis individualizada.
- Da especialista en PT para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

### **5.5.Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así coma con outras etapas educativas e cos centros adscritos.**

Coordinación Interna:

- Reunións do Departamento de Orientación.
- Reunións da orientadora co profesorado especialista de P.T.
- Reunión da orientadora cos titores/as.
- Reunións da C.C.P.
- Sesións de avaliacións.
- Coordinación entre E.I. e E.P., así como entre E.P. e E.S.O.

Coordinación Externa.

- Reunións coas directoras dos centros adscritos.
- Reunións cos Servizos Sociais do Concello.
- Reunións co Servizo de Atención Temperá de Ordes.
- Coordinación con outros Servizos ou Institucións que interveñan na atención do alumnado con necesidade específica de apoio.

### **5.6.Canles de colaboración coas nais, pais, ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.**

Familias.

Levaranse a cabo reunións nun número e cunha periodicidade variable segundo as necesidades:

- Reunión de inicio de curso Equipo Directivo - Titor/a - Familias.

- Reunións coa orientadora nas que se intercambiará información relevante.
- Reunións de seguimento con periodicidade variable, nas que poden participar titor/a, especialistas, Equipo Directivo e Orientadora.

#### Servizos Externos.

Débese coidar a comunicación con:

- Servizos de Neuropediatría.
- Servizos de Atención Temprá.
- Servizos Sociais do Concello.
- Servizos de Saúde Mental infanto-xuvenil.
- Organismos relacionados con atención a necesidades educativas.

#### Centros Adscritos.

- A orientadora visitará aos Centros.
- As directoras dos centros adscritos serán recibidas pola orientadora no CPI de Xanceda.

### **5.7. Proceso de avaliación.**

Proceso a seguir:

- Análise e avaliación nas reunións de departamento.
- Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Inclusión das valoracións e modificacións na Memoria.

Establécense como criterios de avaliación:

- A realización das actuacións previstas.
- O grao de satisfacción das necesidades.
- A adecuación das actividades ás necesidades dos destinatarios.
- A relación dos distintos sectores educativos implicados.
- A relación cos axentes externos.
- O grao de implicación das persoas implicadas.
- A adecuación dos recursos dispoñibles.

Xanceda, 5 de Outubro de 2016

Asdo.: Lucinda Fernández González

X. Dpto. de Orientación

## **ANEXO VII**

### **COMISIÓN DE AVALIACIÓN DE 3º E 6º DE PRIMARIA**

Quedar  conformada da seguinte forma:

A Orientadora, Lucinda Fern ndez.

A xefa de estudos de primaria, Mar a Sanjurjo.

A directora, M<sup>a</sup> Cristina Mourelo.

A titora de 3<sup>o</sup> , Loreto Reviejo.

A titora de 6<sup>o</sup> , Mar a Sanjurjo.

## ANEXO VIII

### PREVISIÓN DO CALENDARIO DE REUNIÓN

- **COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA**

- 7 de setembro de 2016
- 14 de setembro de 2016
- 13 de outubro de 2016
- 15 de novembro de 2016
- 14 de decembro de 2016
- 12 de xaneiro de 2017
- 14 de febreiro de 2017
- 15 de marzo de 2017
- 6 de abril de 2017
- 9 de maio de 2017
- 30 de xuño de 2017

- **CLAUSTROS**

- 7 de setembro de 2016
- 14 de setembro de 2016
- 12 de xaneiro de 2017
- 6 de abril de 2017
- 30 de xuño de 2017

- **CONSELLOS ESCOLARES**

- 1 de setembro de 2016
- 20 de setembro de 2016
- 21 de decembro de 2016
- 17 de xaneiro de 2017
- 30 de marzo de 2017
- 30 de xuño de 2017

## ANEXO IX

### TAREFAS EXTRAESCOLARES

Con data 1 de decembro de 2016, en reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o CPI de Xanceda estipula un acordo de centro no referente ás tarefas que o alumnado realiza na casa. Tal e como se indica no artigo 5 da Lei Orgánica de Mellora de Calidade da Educación, sobre a autonomía pedagóxica dos centros.

Faise a diferenza entre o traballo que o alumnado realiza na aula e o traballo que o alumnado realiza na casa e ten en consideración o feito de que o alumnado ten a obriga de estudar diariamente.

Considéranse tarefas extraescolares a aqueles traballos complementarios, de reforzo e afondamento ás actividades que se realizan na aula. Polo tanto, aquel traballo que deben realizar na aula e non é rematado, non se considera tarefa extraescolar.

Tal e como se indica no Decreto 105/2014, na Disposición Adicional terceira:

#### Tarefas extraescolares

1. Os centros docentes poderán incluír dentro da súa programación xeral anual, segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, de maneira que entronque co adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.

2. No caso do seu establecemento, terase en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa destas na aprendizaxe e adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de ocio do alumnado. Ao mesmo tempo, fomentárase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e autonomía, na liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

### EDUCACIÓN PRIMARIA

- **1º EP:** O alumnado realizará como máximo unha ficha diaria e lectura.



- **2º EP:** O alumnado realizará como máximo 5 exercicios ó día e lectura.
- **3º EP:** O alumnado realizará como máximo unha ficha diaria .
- **4º EP:** O alumnado realizará como máximo 8 exercicios ó día.
- **5º EP:** O alumnado realizará como máximo 10 exercicios ó día.
- **6º EP:** O alumnado realizará como máximo 10 exercicios ó día.

## **EDUCACIÓN SECUNDARIA**

Terase en conta o número de sesións das materias en cada curso.

### **- MATEMÁTICAS:**

En 1º e 2º, o alumnado realizará como máximo 1 exercicio ó día.

En 3º e 4º, o alumnado realizará como máximo 4 exercicios ó día. Ademáis, cada 15 días entregará un boletín de 10 exercicios.

- **LINGUA CASTELÁ E LITERATURA:** o alumnado realizará como máximo 3 exercicios ó día.
- **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA:** o alumnado realizará como máximo 6 exercicios ó día.
- **XEOGRAFÍA E HISTORIA:** o alumnado realizará como máximo 6 exercicios ó día.
- **LINGUA GALEGA E LITERATURA:** o alumnado realizará como máximo 6 exercicios ó día.
- **TECNOLOXÍA:** o alumnado realizará como máximo 2 exercicios ó día.
- **EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL:** o alumnado realizará como máximo 2 exercicios ó día.
- **FÍSCA E QUÍMICA:** o alumnado realizará como máximo 4 exercicios ó día.
- **FRANCÉS:** o alumnado realizará como máximo 2 exercicios ó día.
- **INGLÉS:** o alumnado realizará como máximo 2 exercicios ó día.

Este documento foi aprobado en Claustro celebrado o 7 de decembro de 2016 e polo Consello Escolar con data 7 de decembro de 2016.

En Xanceda, a 13 de decembro de 2016

A Directora

O Secretario

M<sup>a</sup> Cristina Mourelo Barreiro

Fernando Fraga Vázquez